

**A C T A 12/2022**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 30 DE NOVIEMBRE DE 2022 -**

Na Casa do Concello, a trinta de novembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D. José Antonio Garea Gil  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González  
D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Non asisten, previa escusa:**

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D. José Manuel Elías Noya

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1341/2022 DO 21/10/2022 Á RES 1546/2022 DO 24/11/2022)**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2022**
- 3.- TOMA DE POSESIÓN DE D. JOSÉ ANTONIO GAREA GIL COMO CONCELEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE MUNICIPAL DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA A.C. A MÁMOA**
- 5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS TRABALLADORAS DO SAF**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REAPERTURA DA PIROTECNIA DE SOLLÁNS**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DOS ESPAZOS PÚBLICOS**
- 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA AAVV OS TILOS**
- 10.- MOCIÓNS**
- 11.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. José Manuel Elías Noya, por razóns laborais, e do concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez

Crespo, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1341/2022 DO 21/10/2022 Á RES 1546/2022 DO 24/11/2022).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de outubro ata o 24 de novembro de 2022, que comprenden os números 1341 ao 1546, que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2022.**

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 28 de outubro de 2022, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao terceiro trimestre 2022.

O Pleno da Corporación dáse por enterado

**3.- TOMA DE POSESIÓN DE D. JOSÉ ANTONIO GAREA GIL COMO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

O sr. alcalde sinala que procede agora levar a cabo a toma de posesión do concelleiro do PP D. José Antonio Garea Gil e cede a palabra á secretaria da Corporación.

Interveño eu, secretaria municipal, para poñer de manifesto que, con data de 4 de novembro de 2022, foi recibida a credencial do novo concelleiro, D. José Antonio Garea Gil (rex. entrada nº 6091), quen presentou na Secretaría municipal as declaracións correspondentes do Rexistro de intereses, polo que se dan os requisitos para a súa toma de posesión.

A continuación D. José Antonio Garea Gil procede a tomar de posesión como concelleiro de Teo, mediante a fórmula legalmente establecida de acatamento á Constitución.

O sr. Garea xura pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

O sr. Guerra sinala que quere aproveitar para agradecerlle ao sr. Garea a súa presenza e tamén agradecerlle á sra. Dolores Nariño o traballo impecable que fixo durante todo o tempo que estivo con eles.

#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE MUNICIPAL DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA A.C. A MÁMOA.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 3 de novembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 24 de novembro de 2022.

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### **Declaración de utilidade municipal das actividades desenvolvidas pola A.C. A Mámoa (Luou-Teo) por concorrer circunstancias sociais e culturais que así o xustifican**

Visto o artigo 74.2 quáter da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as súas modificacións) que establece como bonificación potestativa no Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) que os concellos, mediante ordenanza, poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles aprobada polo Pleno municipal de Teo en sesión celebrada o 24 de setembro

de 2015 (BOP 228, do 27/11/2015) no seu artigo 14.5 recolle esta posibilidade de bonificación, establecendo no apartado 5.1 que o suxeito pasivo solicitará a declaración xuntando memoria xustificativa destas circunstancias e, no apartado 5.2, que corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse polo voto favorable da maioría dos seus membros.

Vista a solicitude presentada por Dna. Belén Paderne Lueiro como presidenta da “ASOCIACIÓN CULTURAL A MÁMOA, Luou-Teo” (CIF: G15125354) o 11 de abril de 2019 (Rex. sede electrónica entrada 201999900000150), reiterado en escrito do 19 de outubro de 2022 (Rex. sede electrónica entrada 202299900002670) que incorpora Memoria de actividades e facturas relacionadas coa actividade económica que a A. C. A Mámoa desenvolve

Visto, ademais, as numerosas actividades desenvolvidas pola A.C. A Mámoa en colaboración co concello de Teo

Propónse ao Pleno da corporación o seguinte

#### ACORDO

- **Declarar de utilidade municipal as actividades desenvolvidas pola “ASOCIACIÓN CULTURAL A MÁMOA (Luou-Teo)” (G15125354) por concorrer circunstancias sociais e culturais que así o xustifican, tendo dereito consecuentemente a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóveis.**
- **A aplicación da bonificación terá vixencia no exercicio 2023 e nos seguintes, mentres a “ASOCIACIÓN CULTURAL A MÁMOA (Luou-Teo)” manteña as actividades valoradas, circunstancia que deberá ser informada anualmente polo departamento de cultura do concello de Teo.**
- **A bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóveis afecta ás seguintes referencia catastrais:**

**419101NH334950001GD**

**15083A091000030000LZ”**

O sr. alcalde sinala que, tal e como se informou nas comisións, xa se fixera coa sociedade recreativa de Calo e coa Rosalía de Castro de Cacheiras, cumprindo unha

serie de requisitos. Explica que é certo que neste caso fixeron unha solicitude hai un ano e medio e por motivos pouco claros non se tramitou, entende que coincidindo coa pandemia, e neste momento fixeron unha reiteración da solicitudes polo que se trouxo a proposta con celeridade, a cal pasou o informe de Intervención, ao cumprir todos os requisitos necesarios para a súa aceptación.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

- **Declarar de utilidade municipal as actividades desenvolvidas pola “ASOCIACIÓN CULTURAL A MÁMOA (Luou-Teo)” (G15125354) por concorrer circunstancias sociais e culturais que así o xustifican, tendo dereito consecuentemente a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles.**
- **A aplicación da bonificación terá vixencia no exercicio 2023 e nos seguintes, mentres a “ASOCIACIÓN CULTURAL A MÁMOA (Luou-Teo)” manteña as actividades valoradas, circunstancia que deberá ser informada anualmente polo departamento de cultura do concello de Teo.**
- **A bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles afecta ás seguintes referencia catastrais:**

**419101NH334950001GD**

**15083A091000030000LZ**

#### **5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Carmen Dieguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 10 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.233, de 10/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de novembro de 2022.

**“Moción Relativa a tomar as medidas para o fomento do sistema de transporte público por estrada.**

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

**Exposición de motivos:**

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ademais hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, dada a crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado e os gastos que estes supoñen.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC (Universidade da Coruña), o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutíbel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos e que nos achegue tamén á redución das emisións contaminantes cara unha sociedade máis limpa.

Para que isto sexa así é necesario fomentar o uso do transporte público, non limitándose a facer pasar por medidas esenciais as complementarias, que sendo estas positivas, non resolven os problemas estruturais. Segundo o estudo antes citado, unha parte importante da sociedade galega non utiliza o transporte público porque non o ve atractivo, ou en outras palabras, non lle é útil ou está moi lonxe de cubrir as súas necesidades.

Cubrir estas necesidades actualmente conséguese cun reforzo en itinerarios e horarios, facendo que se cumpran as condicións do servizo e que este sexa accesíbel economicamente para as usuarias. Medidas como as anunciadas para o período entre setembro e decembro, cunha bonificación do 50% non é unha medida suficiente para un fomento real do transporte público.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:



- Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural.
- Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas etc.
- Posta en marcha bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.
- Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza.

2.- Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionarias”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que si que é certo que ademais neste caso non soamente hai un problema co transporte metropolitano senón tamén ultimamente, dende hai dous anos, co transporte escolar, tanto dos centros educativos do Concello de ensinanza obrigatoria coma do IES.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo, ao entender que todo é mellorable.

O portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, anuncia o apoio do seu grupo.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

**1.- Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:**

- **Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural.**

- **Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas etc.**
- **Posta en marcha bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.**
- **Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza.**

**2.- Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionarias.**

## **6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS TRABALLADORAS DO SAF.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.398, de 17/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de novembro de 2022.

### **“Moción de apoio ás traballadoras do SAF**

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

#### **Exposición de motivos:**

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 xunto coa escalada actual dos prezos fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro do Servizo de Axuda no Fogar.

A deixadez da Xunta infrafinanciando unha competencia que non asume e deixandoa nas mans dos concellos non fixo máis que agravar dita situación. Na actualidade esta

infr FINANCIACIÓN esta repercutindo dun xeito moi grave nas xa mermadas economías municipais, así como, na situación laboral das traballadoras e na calidade asistencial.

Coidar de quen nos coida ten que ser algo máis que un eslogan publicitario, non podemos permitir que en función da capacidade orzamentaria do concello a situación laboral das traballadoras mude e a prestación dun servizo tan necesario como básico sexa dunha ou outra calidade.

As traballadoras do SAF están en folga para defender os seus dereitos laborais pero tamén os das persoas usuarias que son quen sofre, colateralmente, as consecuencias dun servizo sostido na precariedade laboral. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que utilizar o seu propio vehículo para acudir dun domicilio a outro e facer un traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en domicilios que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender ás persoas dependentes

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Teo mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar nas súas reivindicacións laborais por un convenio digno.

2.- O Pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades e a mediar na busca dunha solución para os graves problemas salariais e laborais que afectan ao colectivo de traballadoras”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que en todo caso parece ser que se desconvocou a folga.

A sra. Diéguez sinala que ao parecer conseguiron que non se asine o convenio, que van a negociar algo, así que coa convocatoria da folga polo menos conseguiron algo.

A sra. Lemus reitera o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez sinala que tamén esperan que poidan renegociar e que poidan chegar ás melloras que as traballadoras necesitan, pois estase a falar dun servizo que a nivel municipal quen mais ou quen menos coñece que hai moita demanda, e pensan que é un dos temas fortes que calquera concello pode ter.

A sra. Vázquez di que ao seu grupo lle gustaría saber porque no se lle esixe tamén ao goberno do Estao que asuma a parte do compromiso. Sinala que é un acordo que o goberno central non está cumprindo, por iso lles gustaría saber por que non inclúen a maiores esa demanda e se estarían dispostas a incluíla como un punto máis.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen anuncia o apoio do seu grupo. Entende que o que di a concelleira do PP, sra. Vázquez, é polo do famoso “Plan Concertado da financiación dos servizos sociais e da lei de dependencia”. Sinala que é certo que hai uns desacordos das Administracións en canto ás achegas dos fondos que se fan, pero tamén é certo que a responsabilidade da prestación do SAF é da Xunta de Galicia.

Explica o sr. Igrexas que nestes intres coa subida van pagar ao Concello a partir do 2023 unha contía de 11,00 € á hora e o Concello de Teo está a sacar a contratación por 21,00 e 24,00 €. Entón si que resulta que as facendas municipais están soportando un custo inmenso, porque estase arredor de 5.000 horas mensuais, e é un gasto impropio, unha competencia impropia e ao Concello non lle queda máis remedio que asumir por unha cuestión de que están os veciños en fronte e é un servizo necesario, pero si que é certo que se está a producir un total desaxuste nestes servizos. Salienta que, canto máis se apreta e máis se restrinxen as condicións nos contratos, tamén se ven minguadas. O sr. Igrexas di que quere facer fincapé, de xeito xeral e que pensa que todos deberían de pedir, no feito de que segue existindo un límite máximo de 0,19

céntimos por km/h, que é o máximo que se permite para que non sexa considerado ingreso neto do traballo senón suplido por gastos. Esta contía é a mesma dende hai 15 anos polo menos, cando o combustible case triplicou o custo e a toda persoa que nalgún momento ten que facer algún transporte págaselle a 0,19 €. As traballadoras do SAF usan o seu coche e sobre todo nos concellos rurais teñen que desprazarse unha cantidade de kms considerables, e entón esa diferenza é evidente. Nos desacordos que hai é precisamente que queren subir a 0,22 cts por km, pero mentres Facenda non suba o límite dos 0,19 € non serve de nada, pois a suba vai ser considerada un incremento salarial, co cal van ter unha serie de desvantaxes.

Sinala o sr. Igrexa que eses dous elementos son básicos, que Facenda suba ese mínimo e que por outra parte a Xunta asuma as súas competencias no tema. Manifesta que hai concellos, coma o de Zaragoza, que durante 2 ou 3 anos decidiu non prestar o servizo, para presionar ao goberno autonómico e que asumiran as competencias. Di o sr. Igrexas que non se sabe ata cando se pode estar así, pero realmente estáselle sacando recursos a outros programas e competencias municipais.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da mesma.

Intervén a sra. Vázquez e di que están de acordo con esa exposición da que fala o sr. Igrexas. De feito non están pedindo que se quite o punto 2 da moción, senón que a asumen, pois todas as Administracións deben de ter as responsabilidades nas mediacións que lle tocan con outras. Pero tamén é certo que dentro dese acordo que hai coa lei de dependencia e de servizos sociais había o compromiso de asumir o 50-50 deste custo e a Xunta de Galicia a día de hoxe está asumindo o 70%. Eles non din que sexa insuficiente e que é evidente que os concellos teñen unha carga, por iso piden que se se pode, se inclúa instar ao goberno do Estado que leve a cabo o acordo dese compromiso. Sinala a sra. Vázquez que, en todo caso, non se van a opoñer, pois consideran que hai que apoiar ás traballadoras, é un servizo básico municipal que debe de ofrecerse e, ademais, ten moita demanda, e é a base dun concello prestar esta atención. Remata a sra. Vázquez a súa intervención, sinalando que o “si” ou a

“abstención” vai a ser en función de se se pode engadir ou non ese punto que propoñen.

A sra. Diéguez sinala que se vai manter a moción dese xeito. Explica que haberá máis plenos e o grupo do PP pode ter a opción de presentar outra proposta, e a bote pronto non se van a meter nas reivindicacións que ten a Xunta de Galicia con respecto ao Estado. Pensan que si, que o Estado ten que cumprir coa súa función, pero tamén hai pouco saíu a noticia de que o sr. Presidente da Xunta lle vai perdoar impostos á xente que é riquísima, entón eses impostos poderían ir por exemplo para estes recursos. Sinala a sra. Diéguez que as traballadoras non teñen por que pagar os pratos rotos, que teñen uns dereitos laborais e hai que respectarllos.

Co permiso sa presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, para aclarar que habería que proceder a votar a emenda presentada pola concelleira do PP, sra. Vázquez. Explico que o ROM do Concello de Teo prevé que no caso de formularse emendas “in voce” durante a sesión só se poderá aceptar o debate por acordo da maioría dos asistentes. Solicítase á sra. Vázquez defina concretamente o texto da emenda.

A sra. Vázquez sinala que lles gustaría incluír como emenda, un punto 3, co seguinte contido: *“Instar ao goberno do Estado a que asuma tamén as súas responsabilidades con respecto ao compromiso do 50-50 da financiación do servizo con respecto o orzamento que vai coa Lei de servizo sociais e Lei de dependencia”*.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo á emenda.

O sr. Igrexas sinala que están totalmente de acordo, poren non van a apoiar a emenda porque o grupo que propuxo a moción non está de acordo en que se lle modifique, entón por unha cuestión de respecto non a van apoiar, engadindo que se o grupo municipal do PP a presenta noutro momento a apoiaran, porque están de acordo.

Aclara o s. alcalde que se vai a proceder polo tanto a realizar a votación para decidir se se incorpora a emenda para o seu debate e posterior votación.

**Realizada a votación, con nove votos a favor (6 PP e 3 PSdeG-PSOE) e seis votos en contra (4 Son de Teo e 2 BNG), acórdase, por maioría dos asistentes, aceptar o debate da emenda do grupo municipal do PP, de acordo co artigo 31.5 do ROM do Concello de Teo.**

A continuación explícase que agora procede someter a votación a emenda do grupo municipal do PP e, no caso de que saia adiante, someterase a votación o ditame emendado e, de no saír adiante, someterase a votación a moción ditaminada, tal e como foi presentada polo grupo municipal do BNG.

Procédese a continuación a someter a votación a emenda presentada polo grupo municipal do PP, co seguinte resultado:

Votos a favor – 6 (6 PP)

Votos en contra – 6 (4 Son de Teo e 2 BNG)

Abstencións – 3 (3 PSdeG-PSOE).

Ao terse producido un empate, reiterase a votación, obténdose o mesmo resultado:

Votos a favor – 6 (6 PP)

Votos en contra – 6 (4 Son de Teo e 2 BNG)

Abstencións – 3 (3 PSdeG-PSOE).

De acordo co resultado da votación, co voto de calidade do sr. alcalde, queda rexeitada a emenda do grupo municipal do PP, someténdose a continuación a votación a moción do BNG, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de novembro de 2022.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**1.- O Pleno do Concello de Teo mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar nas súas reivindicacións laborais por un convenio digno.**

**2.- O Pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades e a mediar na busca dunha solución para os graves problemas salariais e laborais que afectan ao colectivo de traballadoras.**

**7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REAPERTURA DA PIROTECNIA DE SOLLÁNS.**

O sr. alcalde explica que hai unha solicitude de intervención no Pleno, por parte da Asociación veciñal A Baiuca, de Solláns, a cal foi autorizada pola Alcaldía, de acordo co establecido no regulamento de participación veciñal.

O sr. alcalde da lectura á comunicación remitida á Asociación, na cal se lle indica que a intervención será dun máximo de dez minutos e se realizará no momento antes de iniciar o debate.

Neste intre, comeza a intervención de D. Carlos Mosquera Neira, en representación da asociación veciñal A Baiuca, quen agradece á Corporación que se lle dea voz para expresar as preocupacións dos veciños.

Da paso á lectura da súa intervención, que de seguido se recolle:

*“Foime encargada a labor de representar aos veciños afectados pola posible instalación de unha nova explotación pirotécnica en Solláns*

*Non vou a dicir nada que os Sr. do pleno descoñezan xa que me consta que houbo contactos e reunións nas que nos recibiron a veciños e AAVV e se lles expuxeron. Aínda así para que conste neste pleno e se lle dea mais visibilidade vou facer un breve repaso ás nosas reivindicacións.*

*Tampouco tería que ser preciso recordarles o que pasou un luns de hai 16 anos, pero vouno a facer xa que me parece que ás veces nos centramos todas as partes no presente, en evitar a re apertura de esta actividade, (ben para min non é re apertura, senón a instalación de un novo taller pirotécnico)*

*Ese día espertoume unha forte explosión. Durmía na miña casa a 180 mts do lugar da pirotecnia. Non fun consciente do que pasaba ata que vin o resplandor do*



*incendio que foi provocado pola explosión, polo medio dos pinos. Ao mesmo tempo sentía caer pedras no tellado da casa como, e no cuberto que temos detrás da casa. Despois viñeron os fogos de artificio gratuítos, os mais grandes e longos que vin na miña vida.*

*Ata lle podemos poñer un pouco de humor falando hoxe de este tema, pero desgraciadamente de humor nada. Logo chegou protección civil e a garda civil e nos sacou das casas, moita xente en bata e pixama, e vendo aquel panorama ninguén sabía o lonxe que deberíamos afastarnos para sentirnos seguros. Era noite pechada*

*O verdadeiro medo, sentino despois cando a media mañá dei unha volta polos arredores e vin escenas que me puxeron os pelos de punta*

*Cachotes de escombros de 30-40 kg de peso a 250 metros da explosión, vigas metálicas espetadas como arpóns no chan en fincas a 300 metros, casas coas paredes furadas e os proxectís dentro da cociña, todas as ventás rotas en tódalas casas á redonda, o que todo sabemos ben, sabémolo todos pero nós vímolo e vivimos.*

*Ao ver como quedou toda a zona foi cando se me secou a boca e me viu a cabeza o que puido pasar, e que por sorte, moita sorte, non pasou. Non morreu ninguén...de milagre.*

*E iso e polo que estamos hoxe aquí. Si isto volve a estar alí, e mais que probable que poida pasar algo así. Daquela ao peor non existe este milagre, e hai desgracias persoais.*

*E non son dramático, pero si alarmista, moi alarmista, e os veciños sabemos ben por que digo isto hoxe aquí. Si pasa algo así poderán dicir que vostedes non puideron facer nada porque a lei o permite. Pero será o único.*

*Pídolle á corporación municipal que busque, que explore, que consulte, que investigue vías para evitar este tremendo prexuízo para os veciños. Teñen os medios e o deber cívico de atopalas, ademais da responsabilidade administrativa cando se fala da seguridade dos cidadáns.*

*Todas as leis e normativas son interpretables polo que aos veciños non nos serve o argumento de que dende a administración non se pode facer nada si se obteñen os permisos necesarios.*

*En algún momento ten que prevalecer, coa lei na man, a seguridade dos veciños fronte ao interese (lexítimo pola súa parte) de un industrial.*

*Demostrado que pode ser perigoso xa está demostrado. Imos a permitir que volvamos ao estado inicial?, é de risa. Non estamos ndode nada novo, descoñecido, novidoso. Xa o sabemos....todos, xa sabemos o que é.*

*Motivos... están formalmente expostos nas alegacións que supoño que terían acceso.*

*Hainos, moitos e argumentados, por veciños por asociacións, por técnicos, por grupos políticos...*

*Entre os mais destacados, a proximidade ás vivendas, e obvio, que non son illadas. Dáme moita pena e cabréame escoitar dicir a xente (non de solláns) que sempre hai avogados para todo nesta vida, que os das casas próximas que teñen a culpa que a pirotecnia estaba antes...é de broma non existían as aldeas entón??? Claro que se fixeron casas despois, claro que si..... é antes tamén Mazas Solláns....estas aldeas naceron despois da pirotecnia???*

*ESTÁ MOI PRETO DAS CASAS...!!!*

*A proximidade das vías de comunicación. Hai estradas preto e non con pouco tráfico. Atrévome a dicir que das de titularidade municipal non hai moitas con ese tráfico no concello de Teo*

*Contradicións e falsidades no proxecto de instalación. Sen entrar en mais detalles, que os hai, pero non é o lugar este para expoñelos, hai datos no propio proxecto que se contradín. O mais salientable e que se citan nun apartado do proxecto, unhas distancias mínimas que se deben cumprir e posteriormente indícanse distancias inferiores a estes requirimentos. Cando menos, pensamos que isto é obxecto de unha modificación de proxecto que de partida, atrasaría a tramitación do mesmo. Aínda que non é iso algo que nos deixe satisfeitos, é una pedra no camiño de este proxecto.*

*Existen outras suposicións e datos falsos no proxecto que están detallados en algunha das alegacións pero que coido que son os técnicos do concello e de outras administracións os que teñen competencia para decidir que o que se indica no proxecto é suficiente. Para nos non o é.*

*Cantidades non cribles. Falase de 5 kg nos locais de fabricación e mestura e 50 de almacenaxe. Estas cantidades se non recordo mal son similares ás que tiña declaradas no ano 2006 e penso que se constatou mediante peritaxe que as*

*cantidades que provocaron a explosión nese ano rondaban os 250 kg de explosivo. En isto o concello claro que non pode facer nada, pero transmitilo e poñelo en coñecemento das administracións que xa deron o visto bo o proxecto, pois claro que sí. Son feitos. A memoria na temos todos igual, e esquécese cousas.  
Aptitudes do xerente da pirotecnia (tema delicado, pero hai que dicilo)*

### **Ademais do sucedido....**

*Voz de Galicia 13/6/16: "esta persoa" incumplía todo lo que podía incumplirse. El camión que conducía carecía de seguro, no había pasado la obligatoria Inspección Técnica de Vehículos (I TV) y tampoco contaba con el certificado para el transporte de mercancías peligrosas (ADR). Por no tener, ni tan siquiera llevaba el extintor que exige la ley en este.*

*".....accidente ocurrido en la Pasquilla de Padrón el 29 de marzo del 2008 con penas de seis meses de cárcel....."*

*Testemuña eu mesmo. Este verán cas temperaturas que alcanzamos, a plena tarde mes de agosto ou setembroponse a queimar restollos, preto de estas instalacións e polo tanto do monte.*

*Varios veciños son testemuñas de que seguiu desenvolvendo actividade comercial durante a súa inhabilitación*

*Non nos sirve que agora se poña a un familiar á fronte da sociedade para enmascarar a solicitude, aquí sabemos o que hai, en Madrid a garda Civil descoñézoos. Isto é a súa labor e deber, dar difusión a estes aspectos, informar a todas as institucións participantes, da problemática real existente.*

*Non estamos en contra dos dereitos de ningún veciño a que desenvolva esta actividade comercial e económica, pero non neste lugar, el mesmo ten que se consciente do dano que causou...."saíu condenado"... e algunha das causas que se esgrimiron no xuízo entón estanse a propor como alegacións, nin mais nin menos, penso que son feitos obxectivos.*

*Xa rematadas as causas mais significativas que atopamos para demostrar que esta instalación non é segura en esta ubicación, gustaríame preguntarlle se ten o concello coñecemento do estado actual do procedemento da solicitude en cuestión.*

*Cando este verán un grupo de veciños foi recibido polo señor alcalde informóuselles de que o procedemento podía ser moi rápido e que no mes do pasado*

*setembro podería ser que iniciase a actividade si todo se poñía de cara ao solicitante. Afortunadamente non foi así, por iso aproveito para facerlle a consulta ao respecto, si coñece algunha novidade no proceso.*

*Queremos trasladar dende a Asociación de veciños A Baiuca toda a nosa colaboración e dispoñibilidade para ir xuntos da man en este asunto que pode provocar un grande problema para a zoa e para os veciños. Esta colaboración ofrecéselle tanto ao concello como a todos os grupos políticos, compartir información, idear estratexias e o que faga falla.*

*Sabemos que as comunicacións coas outras administracións son primordialmente oficiais pero tamén poden e deben de ser oficiosas, e isto o digo porque, repito que as leis teñen interpretación case sempre. E existen razón de peso para impedir esta actividade nesta zona.*

*Queremos deixar claro que o noso único obxectivo e impedir que unha actividade que se demostrou perigosa non se volva a desenvolver. Pos isto nos gustaría que saísen adiante por unanimidade as moción que hoxe se debaten en este pleno.*

*Este obxectivo é factible e crible e xusto, por iso nos imos apoiar onde se nos brinde soporte para conseguilo. En calquera institución, agrupación, ou entidade. Por iso lle pido a todos que traballen en isto, e si xa están a facelo.....traballen mais si cabe....”*

Sendo as vinte horas e corenta e dous minutos remata a intervención do sr. Mosquera.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que o compañeiro xa fixo un relato do que pasou. Lembra que o BNG no ano 2006 xa presentara unha moción sobre este tema, na que se dicía que a “*pirotecnia non pode reiniciar a súa actividade nas actuais instalacións xa que como puido comprobarse supoñen un grave risco para a seguridade de toda a veciñanza e para o das súas propiedades. Máis alá de que a empresa dispuxese dos permisos necesarios a seguridade da colectividade prima sobre os dereitos individuais ou empresariais*”.

Sinala a sra. Castelao que esa foi unha moción que se presentara hai 16 anos o BNG, e hoxe presentan outra.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 10 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.234, de 10/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de novembro de 2022.

### **“Moción sobre a reapertura da pirotecnia de Solláns**

O Grupo Municipal do Bng do Concello de Teo, propón ao Pleno Municipal a aprobación da seguinte proposta SOBRE A REAPERTURA DA PIROTECNIA DE SOLLÁNS

#### **Exposición de motivos:**

O 9 de xullo de 2022 facíase público no Boletín Oficial do Estado o anuncio da Subdelegación do Goberno na Coruña da apertura do expediente para a autorización do establecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos no lugar de Solláns..

O conxunto da veciñanza de Teo, e especialmente a da parroquia de Calo, ficou fondamente preocupada pola noticia da posíbel reapertura dun taller pirotécnico que no 2006 sufriu unha grave explosión. Debe recordarse que naquela ocasión a deflagración non causou vítimas, mais si enormes danos materiais nas edificacións, destacando os danos estruturais nalgunhas vivendas, así como a rotura de cristais, tellados, ventás e persianas nunhas corenta casas. A onda expansiva afectou a un radio de catrocentos metros ao redor das instalacións da pirotecnia.

A empresa promotora, a mesma que agora solicita nova autorización, contaba, aparentemente, con todos os permisos e medidas de seguridade exixidas pola lexislación vixente, mais iso non impediu que se producira a explosión. É máis, tal e como quedou probado durante o xuízo penal contra as persoas responsábeis, a pirotecnia almacenaba até douscentos cincuenta quilogramos nunha das casetas, un edificio que non posuía autorización para albergar material explosivo. Mentres tanto,

as dúas casetas que si estaban autorizadas para almacenar pólvora tiñan establecida como límite cinco quilogramos, unha cantidade moi inferior aos douscentos cincuenta realmente contidos. Como se pode asegurar entón que no futuro, incluso aínda que as inspeccións preceptivas se chegaran a realizar, non volven a almacenarse produtos de forma incorrecta pondo en risco ás persoas que viven ao seu carón. Estaríase xerando unha situación de inseguridade e indefensión para toda a veciñanza de Solláns.

Tan só esta experiencia previa e o sufrimento padecido xa polos veciños e veciñas deberan ser suficiente para que a Administración do Estado non autorizara a apertura dun novo obradoiro pirotécnico nunha zona densamente poboada e rodeado de vivendas a pouca distancia, que poderían volver a verse afectadas en caso dunha nova explosión. Pero, ademais existen datos obxectivos que avalan que a situación non é a adecuada e que xustifican igualmente a denegación da autorización, moitas delas recollidas polos propios veciños e veciñas nas alegacións que fixeron chegar á Subdelegación do Goberno.

A principal documentación que vai utilizar a Administración do Estado para decidir sobre a instalación é o proxecto presentado pola propia promotora no que se ofrece unha versión interesada incluíndo datos e medicións que favorecen as súas pretensións pero que non se corresponden exactamente coa realidade.

Así, por exemplo no proxecto inclúense cálculos que estiman as distancias de seguridade mínima exixida atendendo a unha cantidade moi pequena de material explosivo. Non parece adecuado que sexa a propia empresa, sen comprobacións directas por parte do persoal técnico da Subdelegación, a que interpreta unilateralmente a normativa para dicir que se cumpre cunha distancia suficiente. Así, fai constar que a distancia até o núcleo de poboación máis próximo é de 125,25 metros, entendendo por tal o núcleo de Solláns, e que se cumpre cunha distancia de 110 respecto de vivendas fora do núcleo, cando como xa se mencionou anteriormente a explosión do taller afectou a un perímetro de 400 metros.

Ademais, as medicións das distancias de seguridade, sobre todo no caso das vivendas illadas, toman unicamente en consideración a distancia até a propia vivenda principal, pero ignora a existencia doutras edificacións anexas moito máis próximas como galpóns e piscinas, así como das propias fincas, con uso habitual de lecer e traballo, en xardíns e hortas. Non pode valorarse a seguridade sen ter en conta que se trata de terreos habitualmente utilizados polas persoas propietarias, que non van limitar a súa presenza á vivenda senón que van utilizar os seus terreos en toda a súa extensión. Como é lóxico, en consecuencia, a distancia real entre as zonas habitadas e a situación da pirotecnia é moito menor do que a empresa establece no proxecto.

Así mesmo, tamén se recolle no proxecto unha imaxe distorsionada respecto do posíbel tránsito de persoas e vehículos. Así, o proxecto di que o taller sitúase nunha “zona de tránsito de persoas e vehículos practicamente nula” e que as fincas colindantes “son de escaso cultivo polo que a presenza de persoas nun radio de 150m é inusual” dicindo que non existen fincas cultivadas. A realidade é ben distinta, pois como xa dixemos, non só existen fincas cultivadas, senón que existen vivendas habitadas, polo que a presenza de persoas a carón do perímetro da pirotécnica será diario e constante, non esporádico.

Ademais, o proxecto resta importancia á situación respecto das vías de comunicación próximas, descarta analizar sequera o tránsito pola AP9 por entender que non entra dentro das medicións de seguridade que a propia empresa realiza e considera que a CP-8202 non ten un tránsito elevado e que polo tanto as distancias tamén son suficientes. Pero non se aportan probas e datos sobre o número de vehículos que circulan habitualmente que son superiores aos considerados pola empresa.

O proxecto tamén establece literalmente que “non existen propiedades públicas nin monumentos que podan verse afectados. Non existen na zona industrias nin locais de actividade comercial”, pero no lugar de Solláns ademais de vivendas habitadas, existen distintos locais comerciais, a sede dunha asociación veciñal e a sede do CRA de Teo (Conxunto de Escolas Rurais Agrupadas).

Entendemos que neste caso, como en toda xestión de situacións de risco para as persoas, as Administracións Públicas deben actuar con prudencia, atender ao principio de cautela, priorizando, sobre calquera outro interese, a seguridade cidadá. Neste sentido, debe descartarse autorizar a instalación dunha actividade potencialmente perigosa, un negocio privado que xera un risco claro e que no pasado xa puxo en evidencia que pode afectar directamente á vida, saúde e patrimonio das persoas.

Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego, presenta esta moción para pedir o apoio da Corporación Municipal ás demandas veciñais e rexeitar a reapertura do taller de pirotecnia en Solláns.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte

**ACORDO:**

- 1.- Expresar o apoio da Corporación Municipal de Teo ás demandas e reclamacións dos veciños e veciñas de Teo, especialmente os do lugar de Solláns como afectados directos, para rexeitar a instalación dunha nova pirotécnica.
- 2.- Demandar do Goberno do Estado, a través da Subdelegación do Goberno na Coruña, a denegación da autorización para o establecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos no lugar de Solláns.
- 3.- Exixir á Subdelegación do Goberno na Coruña que realice as comprobacións materias precisas de forma directa sobre o terreo con persoal propio, que verifique os datos aportados pola empresa.
- 4.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado a través da Subdelegación do Goberno na Coruña como órgano encargado da tramitación da autorización.
- 5.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia para que exprese o seu apoio á veciñanza de Teo, en especial á de Solláns e demande do Goberno do Estado a denegación da autorización para o establecemento do taller de fabricación de artigos pirotécnicos en Solláns”.



Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, agradécelle ao veciño de Solláns por facer un relato sucinto do que aconteceu hai tantos anos. Di que nese período houbo de todo, dende o ano 2006, non só mocións, senón tamén reaperturas, legalizacións, demandas penais, denegacións de licenza, recursos contencioso-administrativos, expedientes de reposición da legalidade. É verdade que neste momento poderíase facer moita historia do que aconteceu administrativamente pero efectivamente non un expediente de reapertura e nin sequera, entende, un de legalización, porque non sabe como está presentado no concello, como chegou. É outro expediente novo de autorización porque o primeiro que necesita é unha autorización sectorial, que é a de Industria da Subdelegación do Goberno.

Di a sra. Lemus que nese momento se está agora e o veciño que falou pedía que se informara de se había algunha información oficiosa ou oficial. A sra Lemus di que ela falou coa Subdelegada do goberno a cal o 29 de novembro lle enviou un correo electrónico coa información. A sra Lemus da lectura ao correo electrónico recibido, que se transcribe: *“Tras o período de alegacións, e dado o volume das recibidas, estruturáronse para facilitar análises e enviáronse ao ICAE, a Intervención central de armas, que fixera xa un primeiro informe favorable. A ICAE informou que son temas sobre seguridade industrial sobre os que non se pronuncian. A área de Industria non emitiu informe definitivo, fíxoselles 2 requirimentos de documentación ós promotores, que non contestaron, o último foi do 8 de novembro e a día 29 non contestaron”*.

Di a sra. Lemus que polo tanto eles están constantemente pendentes de que acaben, pero se non contestan aos requirimentos enténdese que se arquivará o expediente. Salia que esa é a fase na que se está.

Explica a sra. Lemus que, polo que lle dixo a Subdelegada, ademais do correo electrónico, tiveron en conta todas as alegacións que se presentaron e moitas delas con aspectos moi técnicos, o cal sempre é de agradecer, e por iso dicía antes o veciño que falou que moitas veces as leis son interpretables e a normativa tamén, e hai que poñer todo o esforzo en interpretala e facer a mellor interpretación da mesma, con un certo sentido, tendo en conta que o que non lle interesa, e entende que a ningunha das

forzas políticas que están aquí tampouco, é que este tema caía no xulgado, porque a empresa, e sobre todo el, demandou de todas as formas posibles, tanto no contencioso-administrativo como no penal, tanto a concelleiros como a técnicos do Concello, e na vía contenciosa tamén ao Concello polas resolucións de denegación, arquivo, dos diferentes expedientes de reposición e incluso de reapertura, do que presentou no ano 2013, e que intentou varias veces retomar.

Sinala a sra. Lemus que esta é información que pode dar e amosa o apoio do seu grupo. Di que, tecnicamente, existe unha parte moi importante na fase documental, no presentado. Considera que a parte histórica do tema, é dicir, o que aconteceu, debe de ser un elemento básico, fundamental, na toma de decisións, na parte de Industria da Subdelegación do goberno, tendo en conta que nun momento determinado xa falseou os datos, provocando un desastre de medios, e non se provocou un desastre humano de milagres.

Coida a sra. Lemus que os políticos aplican a lei e moitas veces argumentan que a lei é como é, e ela e podería facer un discurso do cambio da lei do solo do 2016, con pouco sentido e con pouco resultado, porque se trata de que haxa a capacidade cos técnicos que o concello ten, que neste caso son moi bos técnicos, para poder interpretar toda a normativa existente, buscar os argumentos técnicos necesarios, non soamente os políticos, para dar opcións para que se vaian arquivando os expedientes.

Sinala a sra. Lemus que é moi probable, porque se leva moitos anos con esta loita, que non pare aquí, é dicir, que volva a intentalo, e polo tanto pensa que todas as veces hai que estar preparados, sociedade civil e políticos, e na medida do posible quen poida interpelar para os cambios normativos, para que se fagan, tendo en conta, en todo caso, que son necesarias moitas máis armas que os cambios normativos e que moitas veces hai que loitar coas que hai, e neste caso é o que toca.

Remata a sra. Lemus a súa intervención amosando o seu apoio completo á moción, agardando que destes requirimentos de documentación continuos de Industria chegue un momento no que haxa un arquivo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo. Pregúntalle ao alcalde se nalgún momento ese empresario se puxo en contacto co Concello, ou o Concello con el, para buscarlle unha nova localización, menos perigosa.

O sr. alcalde responde que non, que él en ningún momento se puxo en contacto co Concello para ese tema, engadindo que tampouco tería sentido, porque, unha das cuestións fundamentais que quería comentar, é que é certo que o seu grupo está completamente de acordo coa moción presentada, pero tamén é certo que a responsabilidade aquí, fundamentalmente, é dos partidos que teñen representación parlamentaria. Di que as leis hai que cumprilas pero cámbianse e que unha pirotecnia se poida instalar en solo rústico é unha responsabilidade dos partidos do arco parlamentario.

O sr. alcalde continúa explicando que se hoxe están aquí pedíndolle aos técnicos que rebusquen a ver por onde se pode rebuscar para que a pirotecnia non se poña, iso tiña unha solución moi fácil, o cambio da lei, e non pedirlle a un técnico que busque de onde non se pode sacar, ou de onde si se pode sacar, e hai unha proba evidente, que xa comentaba a sra. Lemus, e é que esta non é a primeira vez que se pide a instalación dunha pirotecnia, e a base de rebuscar e actuar do mellor xeito posible logrouse, cando menos, adiar ese proceso.

Salienta o sr. alcalde que o Concello está facendo o que ten que facer e o que sabe facer, por iso se conseguiu que ata agora non se puxera. Pero iso non quere dicir que non o poida conseguir, porque ao final, como ben dicía o representante da asociación A Baiuca, hai que buscar os resquicios coa lei na man. Pero o problema de buscar os resquicios é que cando o que buscamos ao que fai a proposta non lle gusta vai ao xulgado, e entón quen decide xa non é o concello, é un xuíz. Salienta que a situación administrativa é bastante complexa e o concello buscou un resquicio deses para dicir que o proxecto que se presentara na Subdelegación no era o mesmo que se presentara aquí e que iso daba lugar a problemas, que se definise a situación, e ese expediente de momento está no xulgado, pendente dunha resolución xudicial. Por iso que os resquicios levan a man a que os técnicos tomen decisións, que se apoie o que

sexa preciso, pero no fondo cando hai desacordo entre quen propón e a resolución do concello quen determina é un xuíz, e nesas é onde se está agora.

Sinala que o que el di, e así llo dixo ós veciños no seu momento, é que aparte de que o procedemento é moi fácil, porque como se establece en función do número de kgs de almacenaxe, a lei non pon ningunha prevención a que se poña un almacenaxe ridículo, e demais, esas cousas ou se cambian na lei ou despois son moi difíciles de contrarrestar. E se se contrarrestan, como se fixo ata o de agora, chega un momento no que un xuíz decide e aí o Concello si que xa ten pouco que dicir.

Manifesta o sr. alcalde que van dar o seu apoio total á moción así como ás preocupacións amosadas polos veciños, aínda que é certo que non lles parece moi afortunada a redacción do punto 2, porque igual que o Concello ten as limitacións que a lei lle marca, a Subdelegación tamén ten que seguir un procedemento e as licenzas urbanísticas son regradas e as licenzas de pirotecnia son regradas, máis alá deses resquicios que se poidan buscar, polo que lle parece máis razoable por exemplo o punto 3 de esixirle á Subdelegación que realice as comprobacións de materia, que vai a ser o que vai dar lugar a ese resquicio, pero máis alá desa cuestión están totalmente de acordo e van apoiar a moción.

Preguntado polo sr. alcalde, non se abre unha segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

**1.- Expresar o apoio da Corporación Municipal de Teo ás demandas e reclamacións dos veciños e veciñas de Teo, especialmente os do lugar de Solláns como afectados directos, para rexeitar a instalación dunha nova pirotécnia.**

**2.- Demandar do Goberno do Estado, a través da Subdelegación do Goberno na Coruña, a denegación da autorización para o establecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos no lugar de Solláns.**

**3.- Exixir á Subdelegación do Goberno na Coruña que realice as comprobacións materias precisas de forma directa sobre o terreo con persoal propio, que verifique os datos aportados pola empresa.**

**4.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado a través da Subdelegación do Goberno na Coruña como órgano encargado da tramitación da autorización.**

**5.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia para que exprese o seu apoio á veciñanza de Teo, en especial á de Solláns e demande do Goberno do Estado a denegación da autorización para o establecemento do taller de fabricación de artigos pirotécnicos en Solláns.**

## **8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DOS ESPAZOS PÚBLICOS.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 10 de novembro de 2022 (rex. entrada nº 6.232, de 10/11/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de novembro de 2022.

### **“Moción Relativa á retirada de simboloxía franquista dos espazos públicos**

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

#### **Exposición de motivos:**

O artigo 15.1 da Lei da Memoria Histórica (52/2007, de 26 de decembro), pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra civil e a Ditadura, determina que “as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra civil e da represión da Ditadura”.

Así mesmo, o artigo 35 da Ley 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática, que amplía a Lei 52/2007, determina que “As administracións públicas, no exercicio das súas competencias e territorio, adoptarán as medidas oportunas para a eliminación dos ditos elementos. Cando os elementos contrarios á memoria democrática estean localizados ou colocados en edificios públicos, serán as institucións ou persoas xurídicas titulares os que sexan responsables da súa eliminación ou eliminación (...). Cando os elementos contrarios á memoria democrática estean situados en edificios de carácter privado ou relixioso, pero con proxección a un espazo ou uso público, as persoas ou institucións titulares ou propietarias dos mesmos deberán suprimilos ou eliminalos, na forma establecida (...). No caso de que concorran razóns artísticas ou arquitectónicas que requiran o mantemento dos citados elementos, deberá incorporarse unha mención orientada á reinterpretación do dito elemento de acordo coa memoria democrática.”

O que queda claro, en calquera caso, é que o feito de que esta simboloxía se sitúe en edificios que non fan parte do patrimonio municipal non exime o Goberno local de realizar as xestións precisas para que a Igrexa católica ou calquera particular ou comunidades de propietarios/as veciñais de edificios se axusten ao dereito.

### **Polo exposto, o BNG propón o seguinte ACORDO do pleno**

O goberno municipal, en cumprimento da lexislación vixente, procederá á retirada de simboloxía franquista localizada en espazos da súa competencia, instará a quen corresponda a facelo nos da súa, e activará a actualización dun inventario sobre a simboloxía franquista aínda presente no concello de Teo, co obxectivo da súa posterior retirada“.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o voto a favor do seu grupo. Explica que a postura do seu grupo é pública e de feito eles condenan publicamente todo tipo de sistema represarial e totalitarismo, ditaduras, en todas as súas formas, incluso bandas organizadas terroristas. Di a sra. Calvo que de todas formas quería comentar que xa hai 14 anos, no ano 2008, concretamente o 7 de outubro de 2008, co presidente Feijoo ao fronte aprobouse no Parlamento de Galicia a unha resolución, á que da lectura, nos termos seguintes: *“O Parlamento de Galicia, na sesión do 7 de outubro de 2008 aprobou no punto único da orde do día Debate anual de política xeral, documento núm 31.08107/D/003 e pola orde de votación que se detalla a seguinte resolución: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra civil, e durante o franquismo. Eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista. Que este Parlamento unha vez máis condena.”*

Explica a sra. Calvo que esta resolución foi aprobada por unanimidade e, tal e como pon na propia resolución, foi elaborada por todos os grupos parlamentarios. Sinala que non ve realmente que aporte nada traer esta moción aquí neste momento, e que xa fai máis de 46 anos e que isto xa tiña que estar superado. Reitera a sra. Calvo o apoio do seu grupo.

Intervén a concelleira de Son de Teo, D.<sup>a</sup> María López Álvarez, quen anuncia o apoio do seu grupo e agradece ao BNG a proposta. Pregunta se a moción se refire a algo xenérico ou se o BNG xa tiña pensado nalgún elemento concreto, porque ata onde ela é consciente só existe unha placa de enaltecemento, cuxa retirada xa foi solicitada, pois non está en terreo público senón que está nunha igrexa, en Santa María de Lampai.

A sra. Castelao sinala que son coñecedores de dous en terreo privado unha é na igrexa de Lampai e outra na de Recesende, engadindo que o que piden é que se faga un inventario.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 6 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

**O goberno municipal, en cumprimento da lexislación vixente, procederá á retirada de simboloxía franquista localizada en espazos da súa competencia, instará a quen corresponda a facelo nos da súa, e activará a actualización dun inventario sobre a simboloxía franquista aínda presente no concello de Teo, co obxectivo da súa posterior retirada.**

### **9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA AAVV OS TILOS.**

O sr. alcalde sinala que a asociación veciñal dos Tilos solicitou a comparecencia no Pleno para expoñer a súa opinión. Aclara que a comparecencia non debe de durar máis de dez minutos e ten que ser antes do debate da moción.

Neste intre intervén, en nome, como presidente, da citada asociación, D. Alejandro Teijeiro García, nos termos seguintes.

*“Buenas noches,*

*Vengo en representación de la asociación de veciños Os Tilos que representa a 312 familias y entre 950 y 1000 personas.*

*Estamos aquí porque no fuimos escuchados con anterioridad por parte del grupo de gobierno de este Concello,*

*Ustedes lo saben, pues fueron ustedes con los primeros que contactamos para mostrar el rechazo de la mayoría de los vecinos a la instalación de la tirolina e hicieron caso omiso a nuestra asociación.*

*Es más, muchos vecinos están sorprendidos de la rapidez con la que la instalaron. Yo ya les digo que no sé si tendrá que ver que usted Ignacio Villar estuviese al pie del cañón en plan jefe de obra. Lo que viene a demostrar que tienen capacidad de obrar rápido o lento según les convenga.*

*Estos días pasados el tema en prensa y redes sociales fue la tirolina, la cual solicitamos que se retire de esa zona verde, que en el fondo es el tema principal “La zona verde donde fue instalada” porque como bien dicen ustedes la instalaron,*



*pensando en los niños de más de 5 años y porque se la demandaron algunos vecinos (petición no hecha por instancia si no por otros medios, con lo que vamos a confiar en su palabra).*

*Situar en esa zona verde del parque cualquier elemento (en este caso la tirolina y encima doble y en esa posición) supone a nuestro entender limitar el ocio de la mayoría de los vecinos, ya que es la única zona que reúne una serie de características para realizar distintos tipos de actividades, les comento algunos ejemplos:*

*-Vecinos que se tumba a leer tranquilamente, tomar el sol, hacer yoga*

*-Los más pequeños juegan libremente, sin que nadie los dirija a juegos como se aprecia en las fotos que muestro*

*Uno de los lugares de interés de nuestra urbanización es el parque que tenemos, con sus espacios tal como están, queremos dejar claro a todos ustedes que no queremos que se convierta en guetos vallados y apartados del entorno, facilitando con ello exclusión de algún vecino.*

*También, nos transmitieron su preocupación parte de los vecinos que viven justo enfrente, en los edificios, pues es una zona donde dada la colocación de esos edificios se escucha todo, tienen miedo de no poder descansar algunas noches, sobre todo en verano. Ya tenemos constancia que este viernes algunos jóvenes estuvieron bebiendo y tirándose de la tirolina a gritos.*

*Sobre el tema del gasto, eso tenemos claro que es competencia suya, pero aquí también nos sentimos poco escuchados porque ya le advertimos por instancia el 2 de agosto que el parque infantil necesitaba arreglos, hoy 3 meses después vemos que se están cambiando algunos columpios pero seguimos observando que se encharca cuando llueve y veríamos más lógico gastar en arreglar lo que tenemos que en la tirolina. Aprovecho para pedirles que arreglen el suelo del parque infantil.*

*Lo expuesto anteriormente son las principales quejas que recibimos de los vecinos de nuestra asociación a los cuales yo represento y por eso estoy aquí para ver si se puede llegar a un consenso entre todos.*

*Para finalizar, quiero hacer referencia a lo que publicaron sobre la tirolina y que esta asociación a la que represento discrepa y le pedimos, si puede, nos lo aclare a todos los vecinos. Ustedes escribieron, leo textualmente “máis a xestión municipal planificase*

*e realizase en función de criterios políticos e técnicos e non en base a queixas veciñais”.*

*Lo que nos hace preguntarnos si esto se aplica sólo a nuestra asociación?*

*Qué pensarían si yo le digo “mais a xestión autonómica ou estatal planifícase e realizase en función de criterios políticos e técnicos e non en base a queixas dos concellos”?*

*Sin nada más que añadir, quiero agradecer la oportunidad de explicarme en representación de la asociación y que me hayan escuchado y me gustaría pedirles que no dejen ninguna pregunta en el aire, pues no tengo opción a réplica. MUCHAS GRACIAS”.*

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do PSdeG-PSOE, de 14 de novembro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 2969 de 14/11/2022), e da emenda de substitución da mesma, de 18 de novembro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 3025, de 18/11/2022), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de novembro de 2022.

## **“ MOCION DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA AAVV OS**

### **TILOS**

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA AAVV OS TILOS, en base á seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Transmitidas a este Grupo pola Asociación de Veciños Os Tilos nos últimos tempos, unha serie de necesidades e melloras na zona residencial na que representan a súa veciñanza.

Transmitido a este Grupo o escrito do seu Presidente, de data 14/11/2022, RE 6288, de 14/11/2022, no que solicita do Pleno a adopción do acordo seguinte “*que non se instale ou se xa está instalada se retire a tirolina da zona verde do parque Os Tilos, sendo obxecto da oposición da asociación veciñal Os Tilos, a cal traballa en prol da veciñanza da urbanización*”.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo somete para a súa aprobación o seguinte:

### ACORDO:

Primeiro.- Instar ao Goberno Municipal do Concello de Teo a que proceda a non instalación, ou se xa está instalada, á retirada da tirolina da zona verde do parque Os Tilos, sendo obxecto da oposición da asociación veciñal Os Tilos, a cal traballa en prol da veciñanza da urbanización”.

A sra. Lemus di que a tirolina está nunha zona verde do parque infantil e a veciñanza non a quere. Salienta que unha das cousas boas dos Tilos, como acaba de dicir o presidente da asociación, é que ten unha zona verde espectacular, envexa de moitas parroquias, engadindo que todo o mundo di que nos Tilos hai moitos máis recursos. As zonas verdes teñen unha configuración moi especial e cando hai unha zona verde tan ampla, e iso vese noutros concellos onde hai ese tipo de parques, as instalacións soen acoutar terreo de tal forma que hai un parque infantil, no caso dos Tilos, un de maiores, unha pista deportiva, unha praza cuberta, unha piscina municipal, un parque canino, é dicir, un montón de infraestruturas dentro dunha zona verde, e normalmente as zonas libres son as dun uso normalmente máis plural. Normalmente os usos plurais, e a iso pensa que se refiren os veciños, son os que determina a propia veciñanza, que decide en que se empregan esas zonas que non son tan acoutadas, e aí úsanse para moitas cousas, non só para os nenos cando ocupan a pista deportiva, senón para moita outra xente que non ten encaixe en todas esas actividades que se acaban de sinalar. Considera que hai que darlle liberdade á veciñanza. Considera a sra. Lemus que é unha mágoa que un gasto público se faga en contra das determinacións ou da opinión da maioría. Si que é lexítimo e é legal, non é un delito nin nada parecido, pero si que é certo que os políticos se deben á veciñanza e principalmente na forma da colaboración, non na forma da imposición, que é neste caso o que está formulado.

A sra. Lemus pide ao goberno municipal que reformule e retire a tirolina e que fale coa veciñanza. Sinala que ela estivo onte mirando alí e si que é certo que ademais a configuración da mesma implica un desaproveitamento dunha zona verde moi ampla. Salia que, aínda que sexa por criterios técnicos, ás veces non só os criterios técnicos ou políticos son os que deben de marcar a vida dun concello, e por iso agradecería que se cambiara de posición e se retirara a tirolina.

Anuncia a sra. Lemus que, de todas formas, se chegan ao goberno retirarán a tirolina. Entende que como hai outras discusións que poden ser máis ou menos importantes, a tirolina implica un símbolo agora mesmo para a veciñanza dos Tilos, un símbolo dunha imposición, e como tal debe de ser rexeitada, esperando que polo tanto teña o apoio da Corporación. Aclara a sra. Lemus que sabe que non implica ningún tipo de obriga para o goberno municipal pero agarda que como noutras veces o goberno municipal acepte o mandato do Pleno e que retire a tirolina desa zona.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, di que parece evidente que existe un malestar en parte da veciñanza dos Tilos, derivada da falta de consenso sobre a localización da tirolina. Ese malestar posiblemente podería terse evitado se se tivera en conta a opinión das persoas destinadas a gozar desa infraestrutura, algo que o seu grupo considera que o goberno municipal ao mellor non foi capaz de lograr, e non teñen moi claro se realmente se tentou dunha forma efectiva. Sinala que a tirolina xa está adquirida, con medios públicos, e o lóxico é darlle unha utilidade e evitar o seu deterioro e as correspondentes perdas dos cartos invertidos nesa instalación. Anuncia a sra. Castelao que, por todo o que acaba de expoñer, vense na obriga de absterse xa que a moción presentada polo partido socialista solicita simplemente a súa retirada e non recolle a posibilidade da súa reubicación, medida que posiblemente podería ser asumida por practicamente toda a veciñanza dos Tilos e tamén polo grupo do BNG. Sinala a sra. Castelao que lamenta que así fora porque lles parece algo inesperado para o seu grupo, pois entra en contradicións cos propios actos do PSOE, porque no 2006 puxera unha moción de urxencia con moitas cousas dos Tilos entre elas indicaba que se reparara e se reinstalara a tirolina que xa estaba existente. Reitera a sra. Castelao que por ese motivo se van a abster.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Lucia Calvo de La Uz.

A sra. Calvo agradece ao presidente da asociación veciñal a súa comparecencia e o seu bo facer ao fronte da asociación. Expressa o malestar do seu grupo, xa que sempre defenderon e insistiron en que hai que chegar a acordos cos veciños e estar moi seguros de en que se inviste o diñeiro público para evitar polémicas, e sobre todo aplicando o principio de prudencia. Clarifica a sra. Calvo que non di que fora nada ilegal.

Sinala a sra. Calvo que a zoa urbana paga moitos impostos e, como é lóxico e normal, queren que polo menos revertan en melloras no vecindario. O grupo de goberno, con respecto á tirolina, alega que os veciños sabían, en cambio dende a asociación manifestan todo o contrario. Non teñen nin un correo electrónico, nin unha chamada, unha carta, unha consulta ou unha prospección sobre o asunto. Salienta a sra. Calvo que a asociación representa o sentir maioritario dos veciños dos Tilos. Considera que, de ser política, parécelle unha actuación errática a decisión tomada, xa que non é a primeira vez que no Pleno o PP de Teo informa e solicita o arranxo das infraestruturas dos Tilos e o seu coidado. Solicitaron dende soterramento de cables perigosos que están á intemperie, fochancas, pintada da calzada da zona de chalés, anulación do servizo de información dos buses que non é operativo para a xente maior, quedándose en buscar unha alternativa, mantemento, limpeza da praza circular, vixilancia dos botellóns que se sabe que se fan alí, arranxo do alumeadado do parque, que leva meses sen luz, é máis. Lembra que ela mesma recomendou persoalmente que se tivera unha relación fluída con todas as asociacións, non só con esa, pois esas asociacións son o sentir nas zonas e coñecen as problemáticas de primeira man.

Considera a sra. Calvo que, aínda que non é obrigatorio, este tipo de cuestións convén consultalas. O procedemento non está reflectido nin é obrigado, pero é de sentido común e evita moitos malestares e gastos innecesarios, e ademais sempre se fixo. En cambio o grupo de goberno fai caso omiso, sen encomendarse nin a Deus nin ao diaño, e impoñen a colocación da tirolina no vecindario. O cal, co clima que hai aquí,

non se lle ve moito uso, pois isto non é Málaga, e co relatorio que acaba de facer de todas as infraestruturas que están por manter non o entende.

Sinala a sra. Calvo que tamén o PP votou en contra da colocación da praza circular, outro despilfarro innecesario que a veciñanza non quería, que se lle dixo, e o grupo de goberno nin caso, e habería que preguntarse hoxe en día que é esa praza, tratándose dunha infraestrutura máis a manter, cando a propia xente do mercado labrego di que estaban mellor no outro sitio. Sinala que iso son opinións, e aí non vai entrar, pero dende logo hai que limpala, fanse botellóns continuamente, en fin, que non diga o sr. alcalde que se non se lle avisou máis veces.

Di a sra. Calvo que están en contra da colocación da tirolina, xa que non é de recibo nin é necesaria, e o máis importante, os usuarios non a queren, polo tanto, sentíndoo moito, van a apoiar a moción.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen sinala que isto xurdiu cando se instalou a anterior tirolina, que foi en Campos de Mirabel, que precisamente se cambiou de lugar porque houbo un proceso no cal quince días antes de instalarse alguén se puxo en contacto co concelleiro e manifestou que había unha serie de cuestións, polo tanto paralizouse a instalación do parque e trasladouse, é dicir, non é algo novo.

Explica que determinadas familias dos Tilos, coas que coincidiu en Campos de Mirabel, comentaron que non había ningún elemento aparte do parque infantil que ata os 6-7 anos funciona pero a partir de aí non, e que querían elementos que puideran atraer e levar ó xogo a nenos entre 6 e 12 anos. Sinala que, a partir de aí déronlle voltas, e estiveronse mirando determinadas posibilidades. Di que se trata dunha zona que ten arredor de 300 nenos nesas idades, e el entende que os veciños dos Tilos están orgullosos do seu espazo verde, pero é que toda a zona que depende dese colexio é a zona verde que existe practicamente, dende Cacheiras ata Tilos.

Explica que este tipo de instalacións non se fan unicamente para os veciños máis achegados senón que se fan para máis. É dicir, non se vai poñer unha tirolina en cada

parte. Asegura que en Campos de Mirabel a tirolina non para e de feito van moitos nenos ata alí para utilizala, e é o elemento máis importante do parque.

Explica o sr. Igrexas que, doutra banda, buscábase que este espazo fora tamén de atracción para os propios habitantes dos Tilos, porque si que comentaban que as familias con nenos os levaban moitas veces aos parques de Santiago, concretamente ao do Monte do gozo, e precisamente o elemento de atracción era a tirolina.

Sinala que, despois de falar con bastante xente da que foron tendo constancia, máis ou menos no mes de marzo, buscáronse distintas solucións. Querían, ademais, que fora unha instalación que puidera ser pouco agresiva e non implicara o levantamento da herba.

Di o sr. Igrexas que, polo que explicaron os técnicos, hai unhas normas de seguridades, entón había que buscar un elemento que non fora necesario levantar a herba, poñer caucho, porque entón faríase unha intervención moito máis agresiva.

Nese momento estíbese a facer unha instalación similar en Cacheiras, na leiteira, onde se fixo unha instalación duns elementos que permiten o uso como zona verde e o uso como zona de xogo.

Sinala o sr. Igrexa que isto, e se arrepiñe un montón, falouno por teléfono co presidente da asociación de veciños dos Tilos no mes de maio. Estaba nos Tilos e acababa de ir co técnico, co señor que lle estaba dicindo as posibilidades que había, estiveron buscando un elemento que fora interesante e plantéxase isto e vaise buscar o sitio. Lémbrese de estar falando por teléfono no propio sitio, porque era o único que podía ser nos Tilos.

Incluso se lembra de que houbo un momento no que comentou que se se utilizaba a parte de abaixo dos Tilos, é dicir, a que está a croios, que habería que axardinar, co cal eliminaríase ademais o aparcamento da piscina dos Tilos, que da servizo a medio

Concello, e imposibilitaríase ese uso como zona festiva, é dicir, a cacharela de san Xoán non se pode facer nun parque.

Entón dese xeito se decidiu manter esa zona como de usos dese tipo, para cacharela, de aparcamento dos recursos que hai alí, porque hai un colexio e casa común, é dicir, que é unha zona de aparcamento bastante polivalente, e buscar dentro da zona verde un elemento pouco invasivo, que non houbera que levantar e poñer caucho, e os técnicos máis ou menos a zona que delimitan é esa.

Quen foi por alí entende que o verían, que ocupa como un 10% do espazo, non implica que non se poida volver a utilizar doutro xeito, pois realmente hai espazo para distintos usos, e non se elimina ningún uso de alí.

Sinala que, a partir de aí non ten máis resposta nin comunicación. Fálase desa instalación, a tirolina orzaméntase, pídense varios orzamentos, hai uns problemas técnicos e faise unha compra no mes de xullo. Chega a primeiros de agosto, con máis elementos, uns xogos para o parque canino e varias cousas máis, e decídese que o vai colocar a brigada.

En setembro hai unha baixa moi prolongada do encargado da brigada, e non se pode poñer e aparte hai unha ficha técnica que ten uns condicionantes que fan tomar a decisión de subcontratar a colocación. Negóciase sobre mediados de outubro e o 10 de novembro comeza a colocación. Xa está encargada a máquina, o formigón, trasladada dende o almacén alí a tirolina e montada.

Explica o sr. Igrexas que entón é cando recibe un WhatsApp do presidente da asociación no que lle di que hai que parar a instalación da tirolina. El sinalle que non pode parar esa instalación que xa se vai cobrar pola empresa. Preguntoulle que pasaba e textualmente contestáronlle *“ya tengo 5 llamadas de gente protestando”*.

Explica que el así non pode parar unha instalación dunha tirolina nin de nada. Sinala que se iso se fai 15 días antes pode negociar coa empresa que non comece a traballar



miraríase, por 15 días máis non ía ser o problema, pero no momento que a empresa está traballando alí e ten todos os subministros encargados da igual porque o vai cobrar, é dicir, xa está feito o gasto.

Pensa que non ten ningún problema, e de feito nestes meses o presidente da asociación remitiu 30 escritos, e en ningún se fala da tirolina, nin se menciona a oposición veciñal desa tirolina ata o escrito do día 14 de novembro, no cal xa está a tirolina instalada, ou lle queda pouco para rematar a instalación.

Aclara o sr. Igrexas que en ningún momento se lle transmitiu ningún tipo de argumento ou algunha cousa que se puidera dar a entender algo, máis alá de “non a queremos”. Entende que hai unha parte da xente que non a queira e outra parte que si a queira.

Sinala o sr. Igrexas que cando se fixo o parque dos cans recibíronse chamadas case a diario de xente indignada porque se gastaran cartos nese parque, e a resposta que se lle daba á xente era “evidentemente se vostede non quere un parque dos cans pode haber xente que o queira”, porque a cuestión de gobernar está en estudar un pouco as posibilidades, cales son as demandas da poboación e intentar dalgún xeito conxugar. Reitera o sr. Igrexas que pode haber xente que non queira a tirolina porén tamén hai xente que chamou dicindo que estaban encantados de que se puxera algo para que os nenos xogaran, e non só dos Tilos, pois hai que lembrar que hai máis zonas, e hai outras asociacións nesa zona que pedían que a tirolina se instalase, porque había esa necesidade. Pensa o sr. Igrexas que hai un erro en pensar que as instalacións son só para a veciñanza máis próxima. Di que non ten ningún interese en manter un clima de enfrontamento, que nin favorece a comunicación nin o diálogo.

Explica que, despois desa conversa de WhatsApp, non volveu ter máis comunicación coa asociación de veciños e remitiron un escrito o día 14 no que dicían que se ía facer unha recollida de sinaturas. Salienta que se chegou a cuestionar se se trataba dun elemento perigoso, cando é igual que os columpios, instálanse en todos os concellos, e evidentemente non é un elemento perigoso senón non estaría permitido.

Di o sr. Igrexas que o de que se vai a producir moito ruído polas noites non o entende. Entende que os edificios que están pegados ás canchas de xogo poden ter máis ruído, entende que unha tirolina non é un espazo de ruído en si mesmo, outra cousa é como se utilice, pero como se pode utilizar a zona verde. Outra cousa é que se fai aí e como se fai, como se pode evitar e conxugar o dereito a descanso co dereito á diversión.

Di o sr. Igrexas que ten que ser bastante claro e sinala que recibiu dúas chamadas de xente protestando pola instalación da tirolina e recibiu chamadas de veciños dos Tilos e veciños da zona de Montouto, dalgunha urbanización, estrañándose porque se opuxeran á instalación da tirolina, existindo incluso xente que pedía que se se sacaba de alí que se levara para a súa zona. Considera o sr. Igrexas que é unha obriga tamén atender ás demandas das familias que teñen nenos entre unhas determinadas idades, que realmente o parque infantil non lle dan uso, e as canchas son para xogos doutro tipo, entón deben de dispoñer doutra forma de xogo.

Explica o sr. Igrexas que o parque infantil vai a ter unha transformación xeral, non está pechado porque se vaian cambiar uns columpios. Dende que a asociación veciñal meteu a solicitude de cambio do parque infantil hai que facer determinadas cousas, como valorar se os elementos se reparan ou se cambian, e iso leva un tempo, hai que ver que orzamentos hai, que custa facer unha cousa e que custa facer outra, que posibilidades hai. Despois, chegado a esa conclusión, hai que encargarse dos elementos e logo as fábricas tardan en envalas. Aparte de todo iso, dende o mes de agosto comezouse a traballar no tema en setembro, os orzamentos do carpinteiro viñeron en outubro, encargáronse os elementos nese mes e a reparación dos elementos fixos. Os novos veñen antes de nadal e a instalación do caucho está prevista para o mes de xaneiro, porque se vai a facer máis amplo, pero unha cousa non conleva a outra. É dicir, non é que se non se pon a tirolina arránxase o parque, senón que o parque vaise arranxar se poña a tirolina ou non se poña, porque o parque tivo un deterioro importante nestes últimos anos e agora evidenciouse.

Manifesta o sr. Igrexas que el para nada asume que non comunicou ou non falou do tema. Entende que se non se lle cita ou non se lle transmite que hai unha oposición e

que debería de haber un cambio de espazo xa non pode facer máis, e cando se lle transmite o custo xa estaba feito e era demasiado tarde. Salia que, ademais, o que lle transmiten é que teñen cinco chamadas de xente que protesta. Entende que, con ese argumento, non pode parar a instalación dunha tirolina, xa que son cartos públicos e tamén ten que responder sobre as súas decisións, como é paralizar e perder os cartos dunha obra.

Pensa que no caso de Campos de Mirabel parouse a obra arredor de 15 días antes, atrasouse porque onde estaba previsto había determinada xente que cuestionaba a seguridade e non houbo maior problema. Calquera cuestión desa pódese falar con tempo. Sente que isto fose así e di que non fan algo para enfadar a ninguén senón que se fai pensando en que se vai satisfacer unha necesidade que se transmitiu e pensa que a tirolina neste momento sería unha irresponsabilidade movela, basicamente porque está o custo da instalación e non hai moito sitio nos Tilos onde poñela.

Opina o sr. Igrexas que vai ter moito uso porque de feito xa antes de que entrara en funcionamento xa se observaba uso.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra Lemus, polas alusións do BNG, sinala que a tirolina estaba dentro do parque infantil, non estaba nunha instalación fóra e polo tanto era un elemento máis do parque infantil, e non é o caso.

Explica que o acordo que se propón é o acordo que propón a asociación veciñal é só se trata de instar ó goberno municipal porque senón non entraba nun acordo plenario.

Salia que o sr. Igrexas fixo 25 minutos de relatorio sobre por que non se pode paralizar unha obra cando acaba de dicir que en Campos de Mirabel si se fixo. A sra. Lemus considera que se trata dunha decisión persoal, política, e xa está, e pídelle que asuma as consecuencias e punto, engadindo que non lle ve máis recorrido. Considera a sra. Lemus que o sr. Igrexas pódelle contar o do xefe da brigada, o que mercou e comprou tal e cual, e que tivo chamadas de 3 e de 4, e iso sempre lle di que ten as súas dúbidas coas súas chamadas, porque co da Casalunga tamén fixo un sentido

único e ao final sería un peregrino que pasou un día e lle chamou porque tampouco hai constancia doutra cousa.

Salienta a sra. Lemus que a sociedade civil organízase en asociacións veciñais e hoxe participaron dúas diferentes, con dúas inquietudes totalmente diferentes, unha moito máis grave, porque tampouco se poden equiparar, pero si que é certo que o elemento fundamental de que a sociedade civil se organice é que é moito máis fácil a xestión das súas demandas con respecto aos políticos e aos cargos públicos.

Di a sra. Lemus que non sabe se ao sr. Igrexas lle pasa, pero ela cando tiña cargos de responsabilidade e lle chamaba un presidente dunha asociación veciñal, o seguinte é ir alí a falar con esa asociación *"in situ"* e preguntar que pasa, porque si que é certo que é un gasto, pero coa excusa de que se fixo o gasto e xa está, non ve solucións e ademais sería unha irresponsabilidade. Sinala que a irresponsabilidade primeira é tomar unha decisión sen ter en conta o que din os veciños.

Se a asociación veciñal organizada non solicitou en ningún momento unha tirolina, non significa que queiran unha tirolina, é que queren outras moitas cousas, e levan un ano mandándolles moitas outras cousas.

Pensa a sra. Lemus que é un pouco absurdo. Unha pode ser moi imaxinativa e pensar que as tirolinas son as solucións a todos os problemas dos nenos entre 6 e 12 anos, porén o que se está a discutir é que o sr. Igrexas tomou unha decisión persoal e parécelle moi ben que lle conte todo o rolo do xefe da brigada, de que unha cousa e outra, porque é a súa decisión persoal colocala, e é a súa decisión persoal mantela, e punto.

Salienta que a ela, o resto de que o técnico ou o que sexa, non lle vale, porque o técnico vai alí a dicirlle que a instalación vai ser así e así, pero non hai máis criterio político de colocala que o do sr. Igrexas.

Considera a sra. Lemus, estando neste caso de acordo coa sra Calvo, que é necesario cambiar esa relación que ten coas asociacións de veciños. Considera que un veciño individual pode solicitar moitas cousas e moitas hai que respondelas, pero cando unha asociación de veciños organizada funciona desta forma é que non é unha decisión persoal dun veciño senón que responde a unha necesidade colectiva de determinadas cousas, tratándose de algo diferente, polo que o sr. Igrexas debería de reconsiderar a relación coas asociacións veciñais. Que a asociación veciñal de Solláns veña ao Pleno é moito máis potente que o feito de que veñan dez veciños separados, para o Concello, para o que decide a Subdelegación do goberno, e en onde sexa. Considera que todo o mundo ten que ser consciente do que se está a falar. Salienta que onte a ela do que lle falaban foi da tirolina, o cal lle chamou a atención porque si que é certo que nos Tilos teñen moitos máis problemas, e todos son conscientes, e moitos quedaron sen arranxar. Considera a sra. Lemus que o da tirolina é unha decisión persoal do sr. Igrexas e que este o ten que asumir. Sinala que no medio de todo ese argumentario que acaba de dar o sr. Igrexas parecía como se apareceran técnicos de todos os lados a decidir que a tirolina ía para os Tilos e non foi así, pois foi unha decisión política e persoal, e a decisión do sr. Igrexas é mantela, polo que ten asumir as consecuencias.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que elas sabían que esa tirolina estaba no parque infantil, non ten que ver unha cousa con outra, e cando falaba da moción presentada polo PSOE, o que querían dicir era que supón que daquela cando o PSOE dixo que se repuxera esa tirolina pois tamén sería pola asociación ou por varios veciños. Quere deixar claro a sra. Castelao que se está falando dunha moción da tirolina, non do parque, das fochancas, ou do que sexa, porque aquí, porque, ao igual que todos os partidos, o BNG tamén defendeu moitas das posicións e das demandas que lles dixo a asociación dos Tilos, como dixeron en varios Plenos e se o teñen que dicir, tamén o din agora novamente.

Explica, por se non se entendeu, que elas dixeron que se ven na obriga de absterse porque si que é certo que a asociación de veciños dos Tilos, representada polo seu presidente, comentou que non queren a tirolina aí, e o entenden, pero tamén houbo xente que lles dixo que querían poñela noutro lugar dos Tilos. Salienta que elas din o

que lles está dicindo a xente, polo que se na moción figurase o de reinstalar a tirolina, a súa posición podería ser distinta.

Considera a sra. Castelao que o que está claro é que foi unha falta de comunicación e, dende o seu punto de vista, o goberno non foi capaz de lograr de forma efectiva o acordo. Trátase dunha infraestrutura para que goce a veciñanza e isto está creando un debate que despois de todo o día das mocións que se teñen presentado no Pleno, algo que hai que facer, falar cos veciños ou o que sexa, pero estender máis o tema non lle parece de recibo.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen pide seriedade porque isto é un concello. As comunicacións, pensa, teñen que ser nun soporte válido legal, non vale unha chamada de teléfono. O presidente di que non, e é que non, di que non tiña comunicación ao respecto nin sondaxe nin nada, e sen embargo o concelleiro di que si. Isto é unha Administración, a regra de ouro é “copia de todo”. É así de fácil, non lle vale que lle dixera un veciño que isto ou aquilo, hai que ter un soporte. Di a sra. Calvo que non dubida da boa intención da colocación da tirolina, de pensar nos Tilos, poren en ocasión hai decisións que son erráticas, e non pasa nada.

Tratándose do tema de Campos de Mirabel sinala que as comparacións son odiosas, que a que está alí lles encanta e vai todo o mundo, pois está ben porén nos Tilos estase vendo que non a queren, que hai unha oposición frontal e considerable. A sra. Calvo pídelles ao sr. Igrexas que o reconsidere, que non pasa nada, e que a leve a un punto onde a estean pedindo, tan fácil como iso.

Di a sra. Calvo que non pensa que o concelleiro o fixera con mala intención, e está segura de que non lle vai volver a pasar porque a partir de agora cando alguén lle pida algo vaillo facer asinar e lacrar. Remata a sra. Calvo a súa intervención, anunciando o voto a favor do seu grupo.

Intervén o sr. Igrexas quen fai unha relación de cousas que pide a xente dos Tilos sen ningún tipo de escrito: reparar o paso de peóns que quedou mal feito de cando

Urbanismo puxo o paso de peóns e atascou a auga, varios pais chamaron para que se fixera un canal porque os nenos se mollaban cada vez que pasaba o autobús, un salgueiro que caeu no fondo do paseo do río, pensa que tamén pediron pintar algo, é dicir, chaman todos os días, polo que non é soamente que a xente poida mandalo por escrito, evidentemente por iso el o considera tamén. Explica que el non chamou a todos os veciños dos Tilos para explicar cal ía ser o proxecto, el chamou ao presidente da asociación.

O sr. Igrexa dálle as grazas á sra Lemus pola disertación sobre participación veciñal, e lémbrale que o regulamento de participación veciñal impulsouno el, engadindo que o afán da sra. Lemus de explicar cousas dende a nada ás veces parece un pouco displicente. Considera o sr. Igrexas que a sra. Lemus leva quentando o lume nos Tilos unha boa tempada, supón que pensando que vai recoller algún tipo de froito.

O sr. Igrexas di que este verán cando ardeu a piscina dos Tilos despois dun acto vandálico e a xente de protección civil estaba comunicando que fora un acto vandálico, que se prendera lume, a sra Lemus puxo un “post” no facebook no que se falaba da posibilidade de que aquilo fora por un mal mantemento da piscina. É dicir, tampouco lle parece nin medianamente normal que sen ter ningunha información do que pasou e tendo un cargo filtre unha información tan sensible como esa. Lembra o sr. Igrexas que a sra. Lemus foi concelleira de urbanismo seis anos, e pregúntalle quen ten a responsabilidade da inspección urbanística.

A sra. Calvo di que aquí trátase de buscar unha solución para a tirolina.

O sr. alcalde sinala que o debate, de momento, o dirixe el e pide que se deixe rematar de falar ao sr. Igrexas, igual que se respectaron as intervencións dos demais.

A sra. Lemus sinala que tamén hai que ver como di as cousas e que é o que está a dicir e o sr. alcalde di que non se lle condiciona a ninguén o que di, que poden dicir o que queiran.

O sr. Igrexas retoma a palabra e di que el pode argumentar co que entende que pode argumentar. Sinala que, aínda que a algunha xente poida parecerlle moi longo, el ten clara cal é a explicación, engadindo que tomaron unha decisión no momento, que foi manter a tirolina, e a el parécelle que é a decisión que van a tomar.

O sr. alcalde sinala, por pechar un debate e porque pensa que hai algunha cousa que non quedou clara, que non é unha decisión persoal, senón unha decisión de goberno. Sinala que, independentemente de que haxa un concelleiro que promove e investiga, é unha decisión de goberno, con todas as consecuencias, para ben e mal.

Aclara o sr. alcalde que a tirolina non está destinada exclusivamente ós Tilos, e así un rapaz que vive en fronte do “Che” e que vai ao cole dos Tilos ten tanto dereito ao uso da tirolina coma o veciño da casa do lado. Considera que hai que escapar desa concepción de exclusividade, porque non hai exclusividades, e máis cando hai zonas que por desgracias, polo urbanismo que se fixo naquel momento ou polo que fose, están carentes de zonas verdes, e ademais, por exemplo, van ao cole alí todos os días.

Explica o sr. alcalde que se valorou a opinión da asociación de veciños. Sinala que a intervención ten uns argumentos, quizais febles, pero ten eses argumentos e considéranos como un estado de opinión, pero agora que está feito o investimento pensa que tampouco pasa nada por tela aí tres meses e se non funciona retirala. Sinala que parece que hai unha diferenza de opinións grande e que está instalada, e pregunta que sentido ten desinstalala cinco días despois, engadindo que se pode facer dentro de 3 meses e ver como funciona. Considérase polo tanto ese estado de opinión, valórase como funciona e se se aprecia que non está ben alí e que non se usa, existindo ademais demandada noutros sitios, trasládase sen ningún problema.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (6 PP e 3 PSdeG-PSOE) e seis abstencións (4 Son de Teo e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Instar ao Goberno Municipal do Concello de Teo a que proceda a non instalación, ou se xa está instalada, á retirada da tirolina da zona verde do parque**



**Os Tilos, sendo obxecto da oposición da asociación veciñal Os Tilos, a cal traballa en prol da veciñanza da urbanización.**

Sendo as vinte e unha horas e cincuenta e sete minutos, o sr. alcalde sinala que se vai facer un pequeno receso, reanudándose a sesión ás vinte e dúas horas e oito minutos.

## **10.- MOCIÓNS.**

1.- Moción de Son de Teo, de 25 de novembro de 2022, manifestando o rexeitamento da Corporación municipal de Teo ás modificacións da Lei do solo de Galicia (Lei 2/2016) nos seus artigos 35.1 e 146 bis (rex. entrada nº 6537, do 25/11/2022).

O sr. alcalde explica que a urxencia vén motivada porque está en pleno debate orzamentario e consideran que se debe de manifestar a opinión da Corporación.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción de Son de Teo manifestando o rexeitamento da Corporación municipal de Teo ás modificacións da Lei do solo de Galicia (Lei 2/2016) nos seus artigos 35.1 e 146 bis (rex. entrada nº 6537, do 25/11/2022).**

O sr. alcalde da conta da moción do seu grupo manifestando o rexeitamento da Corporación municipal de Teo ás modificacións da Lei do solo de Galicia (Lei 2/2016) nos seus artigos 35.1 e 146 bis (rex. entrada nº 6537, do 25/11/2022), que se recolle a continuación.

### **“MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL SONdeTEO**

**Manifestando o rexeitamento da Corporación municipal de Teo ás  
modificacións da Lei do Solo de Galicia (Lei 2/2016) nos seus artigos  
35.1 e 146bis**

Na última semana asistimos no Parlamento de Galicia ao debate da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañan o proxecto de orzamentos de 2023 na que, nun procedemento absolutamente anómalo, aprovéitase esta Lei orzamentaria para modificar substancialmente leis de gran transcendencia para o país e para o noso concello.

Así, no artigo 14 do borrador da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, modifícase da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, incorporando un artigo 146bis que establece o mecanismo para minimizar a fiscalización e comprobación da legalidade urbanística a través dos funcionarios municipais trasladando esa fiscalización a empresas privadas (entidades de certificación de conformidade municipal) que serán retribuídas polos propios promotores.

En definitiva o novo procedemento baséase en que *“Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade (emitida por unha entidade privada de certificación de conformidade municipal, contratada e pagada polo promotor), os informes técnicos e xurídicos sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística serán facultativos e non preceptivos.* O apartado 6 deste novo artigo indica que

*A presentación dunha comunicación urbanística acompañada da documentación esixida nesta lei e a demais normativa aplicable e dunha certificación de conformidade nos termos establecidos no presente artigo, habilitará con efectos inmediatos dende a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto de uso do solo ou o subsolo que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.*

Esta modificación supón a práctica eliminación do papel fiscalizador previo dos funcionarios municipais do departamento de Urbanismo e Secretaría no outorgamento de licenzas, procedemento básico de control obxectivo de legalidade, relegándoos a un posterior papel de comprobación.

Sendo grave de seu a modificación redactada no borrador da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, a súa redacción contiña un punto 8 que, mediante ordenanza, permitía aos concellos “excluír a intervención das entidades de certificación de conformidade municipal nos procedementos de outorgamento de licenzas e declaracións responsables, abrindo así a porta a manter o necesario control do funcionariado público sobre as licenzas urbanísticas. De xeito inxustificable, o Partido Popular autoemendouse no debate da Lei aprobando unha emenda que textualmente di “Suprímese o número 8 do novo artigo 146bis”, deixando así ao pairo e nas mans das empresas privadas o control previo, tan necesario e obxectivo, que ata agora exercían os arquitectos/tas e a Secretarios/as municipais.

Por outra banda, non con menor relevancia, aprovéitase esta Lei orzamentaria para, a través de emendas ao propio borrador propostas polo mesmo partido que o redacta, o Partido Popular, realizar modificacións tan relevantes como a que pode permitir a Toysal volver promover plantas de residuos como a proposta no seu momento, desbotada na tramitación municipal en base aos argumentos urbanísticos contidos na Lei do Solo ata agora vixente.

O Partido Popular propuxo e aprobou coa súa maioría parlamentar unha emenda ao seu propio borrador da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañan o proxecto de orzamentos de 2023, engadindo un novo apartado ao artigo 14 de Modificación da Lei 2/2016 (Lei do Solo de Galicia), modificandoo a letra m) do apartado 1 do artigo 35 da Lei do Solo, permitindo en solo rústico, entre outras, as instalacións de xestión e tratamentos de residuos sexan públicas (como ata agora) **ou privadas**.

De nada valen declaracións de apoio á veciñanza, visitas a zona coa Plataforma, apoios plenarios se, no momento da verdade, o Partido Popular aproveita a menor ocasión para traballar en apoio ás empresas que teñen como obxectivo encher de merda o concello de Teo

Consecuentemente, o Pleno Municipal de concello de Teo ACORDA:

1. Manifestar o absoluto desacordo e condena da Corporación municipal de Teo á modificación do artigos 35 e a incorporación do artigo 146bis na Lei do Solo de Galicia (Lei 2/2016) a través da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañan o proxecto de orzamentos de 2023.
2. Reclamar á Xunta de Galicia que articule os mecanismos legislativos que permitan o control e fiscalización previos polo funcionariado municipal nos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas.
3. Esixir da Xunta de Galicia que legislativamente garanta que en solo rústico non se permitirán instalacións de xestión e tratamentos de residuos de iniciativa ou propiedade privada, xa que botan por terra todos os esforzos municipais e da cidadanía teense para evitar a instalación de plantas de residuos contaminantes no noso concello.
4. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e a presidencia do Partido Popular de Galicia.

Teo, 25 de novembro de 2022”

O sr. alcalde di que o PP ten a todos acostumados para aproveitar todos os anos as leis orzamentarias para meter todo tipo de modificacións de leis e demais, pero esta vez rizaron o rizo absolutamente. Sinala que isto é así porque afectan a dúas cuestións fundamentais en relación coa lei do solo, que para o grupo de goberno, e para o concello en xeral, deben de supoñer unha importante preocupación.

Salienta que é certo que a chamada ás ECCOM, as entidades de certificación de conformidade municipal, era algo que flotaba xa por aí e que se prevía unha acción futura e un papel futuro no desenvolvemento do urbanismo municipal, pero a golpe de lei orzamentaria o que fan é en definitiva minimizar a fiscalización e a comprobación da legalidade urbanística que realizan os funcionarios municipais trasladando esa fiscalización ás empresas privadas, á famosa ECCOM.

Explica que o problema consiste en que cando unha solicitude de licenza se presente acompañada desta certificación emitida por unha entidade privada, que ademais é pagada e retribuída polo propio promotor, os informes técnicos e xurídicos sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística serán facultativos e non preceptivos. Isto supón na práctica a eliminación do papel fiscalizador previo que realizan os funcionarios municipais do departamento de Urbanismo e Secretaría no outorgamento de licenzas. Sinala que, aínda así, a proposta contida na lei de medidas fiscais e administrativas tiña un pase, porque incluía un punto 8 que dicía que a través da ordenanza se podía excluír a intervención das entidades de certificación de conformidade municipal nos procedementos de outorgamento de licenzas e declaración responsables. Porén, rizando o rizo o PP autoeméndase a si mesmo e suprime ese punto 8, co cal os concellos vanse ver abocados si ou si a que esta fiscalización previa quede en mans de empresas privadas que ademais van ser pagadas polo propio promotor e o concello só vai ter un papel subsidiario e a *posteriori*. Esta situación ten unha transcendencia enorme, porque vai a permitir a Toysal promover plantas de residuos como o que xa propuxo no seu momento e que foi desbotada na tramitación municipal entre outras cousas gracias a ese resquicio que quedaba na lei do solo.

A modificación que se presenta a través da lei de medidas fiscais, que non se presentaba a través desta lei, senón que é unha emenda que se introduce a esa lei, incorpora e modifica o apartado “M”, permitindo que en solo rústico, entre outras cousas, as instalacións de xestión de tratamento de residuos, sexan públicas ou privadas. É dicir, xa se sabía que estaban permitidas en solo rústico, non se dicía nada co cal se entendía grazas á lei estatal que tiñan que ser públicas pero agora ese resquicio elimínase permitindo que esas instalacións sexan privadas. Salienta o sr. alcalde que isto pon ao Concello na boca do lobo, xa que na próxima proposta que chegue ao Concello para unha licenza dunha planta de residuos vai ser moito máis complicado poder obstaculizar ese procedemento.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, di que a aprobación definitiva desta lei será o 20 de decembro, pero como son conscientes de que o PP en solitario e con nocturnidade e alevosía a vai aprobar, aceptan o debate.

Propón a sra. Castelao modificar a redacción da moción, incluíndo a data da votación. Pide tamén que, no punto 4, se engada o traslado, ademais de á Presidencia da Xunta de Galicia e ao PP, ao resto dos grupos parlamentarios que teñan representación na Cámara.

Sinala a sra. Castelao que o PP fai un uso partidista da lei de acompañamento dos orzamentos, a lei de medidas fiscais e administrativas. En teoría esta lei ten como función realizar as modificacións que sexan precisas para aprobar os orzamentos. Por exemplo, se se fan uns orzamentos que supoñan cambiar o imposto ás grandes fortunas, hai que facer unha modificación desa lei específica, sendo esas as modificacións que conforman a lei de acompañamento. O problema é que todas estas modificacións que deberían de supor o trámite dun novo proxecto de lei, con todos os informes que son preceptivos, do Consello económicos, social, de impacto de xénero, etc., non precisan estes informes porque se supón que só serían medidas fiscais e administrativas, que repercutirían nos orzamentos. Tamén se deduce drasticamente o debate parlamentario e, en definitiva, a posibilidade de participación social.

Salienta a sra. Castelao que é unha figura tan utilizada polo PP que hai leis que levan moitas modificacións por esta vía, por exemplo a lei de vivenda, modificada 4 veces, a do solo 10 veces, a de incendios forestais 9, a de montes 11, e nesta, por certo, pretenden suprimir artigos que foron creados na lexislatura pasada, o que indica claramente improvisación e nula vocación de permanencia.

No caso concreto que afecta ao Concello, sobre todo con relación á posibilidade de abrir de novo a porta a Toysal, no Concello de Teo manifestan dende logo o seu total e rotundo rexeitamento a que iso poida suceder. Anuncia a sra. Castelao o apoio do seu grupo, e propón ademais dous puntos que serían os seguintes:

.- Que se acorde convocar a Comisión de seguimento do tema da Casalonga para abordar esta situación e poder así informar a todas as partes e actores implicados, dos pasos a seguir, e a evolución da propia lei e a problemática que dela se deriva.

.- Que se redacte un documento onde se explique ao conxunto da veciñanza o que significaría para Teo a aprobación desta lei, e facer unha campaña divulgativa da mesma, utilizando todos os medios dos que dispoña o Concello de Teo para que toda a veciñanza coñeza a realidade desta situación.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.  
Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen sinala que vai contestar coa propia lei a todas as preocupacións amosadas, nos termos seguintes: “-Emenda núm. 6 de supresión, artigo 14. Entidades de certificación. Texto actual do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2023

Punto núm. 8 – mediante aprobación da correspondente ordenanza os concellos poderán expresamente excluír a intervención das entidades de certificación de conformidade municipal, nos procedementos de outorgamento de licenzas e declaracións responsables e/ou de realización das actuacións de verificación, inspección e control do cumprimento da normativa correspondente no ámbito urbanístico municipal. Texto da emenda “Suprímese o número 8 do novo artigo 146 bis”.

Explica a sra. Calvo que a razón da supresión do número 8 ten que ver con que se prevé que as entidades de certificación operen directamente nos procedementos de outorgamento de licenzas e de declaracións responsables e se faculta ó concello para que no caso de que queiran excluír a participación destas entidades o regulen a través dunha ordenanza municipal. Opina que coa supresión desta previsión estase a respectar a autonomía local, totalmente, deixando que sexan os propios concellos os que decidan se aceptan o certificado da entidade ou solicitan un informe aos propios técnicos do Concello.

Sinala a sra. Calvo que vai a dar lectura á emenda número 7.

“-Emenda núm. 7 de adición, artigo 14. Instalacións públicas e privadas. Texto vixente da lei 2/2016:

Punto “M” – instalación infraestruturas hidráulicas, telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión de tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

O Texto da emenda di “adición do número 10 ao artigo 14, co seguinte contido:

-10. Modifícase a letra “M” do número 1 do artigo 35, que queda redactada como segue: instalación e infraestruturas hidráulicas e telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión de tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanísticas dos terreos polos que discorren”.

Xustificación da emenda: a modificación proposta ten por obxecto clarificar as dúbidas xurdidas sobre a implantación no solo rústico deste tipo de instalación de infraestruturas. O artigo 13 do RD Legislativo 7/2015 do 30 de outubro, que por certo xa comunica que é unha lei estatal, de obrigado cumprimento polas CCAA, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana sinala que con carácter excepcional e por procedemento e coas condicións previstas na lei de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse actos e usos específicos que sexan de interese público ou social, que contribúan á ordenación e desenvolvemento rurais ou que teñan que emprazarse no medio rural.

O artigo 65.1 do Decreto 173/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a lei do solo sinala que as dotacións urbanísticas son o conxunto de instalacións e servizos destinados a satisfacción das necesidades dos cidadáns. Que poden ser de uso e titularidade públicos ou privados”.

Explica que coa modificación proposta aclárase que tamén é posible instalar instalacións e infraestruturas privadas, na medida en que as mesmas participan dese interese social, ao que está referida a normativa básica estatal.

Reitera a sra. Calvo que se trata de normativa básico de obrigado cumprimento polas Comunidades Autónomas. Sinala que a Xunta está facendo o que ten que facer, a súa



función, executar a normativa básica. De feito, estas edificacións xa se viñan autorizando e sábeo perfectamente o sr. alcalde, habendo incluso sentenzas xudiciais.

Opina a sra. Calvo que, con todo o exposto, está claro que a moción é unha terxiversación, unha auténtica terxiversación, unha interpretación, non sendo verdade o que di o sr. alcalde, ao que lle pide que deixe de confundir á xente, que non beneficia a ninguén, e que non desvíe a atención.

Salienta a sra. Calvo que se está ante unha modificación que non ten maior transcendencia dende o punto legal, polo que en solo rústico seguirán tendo cabida as mesmas instalacións de telecomunicacións, enerxía, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión de tratamento de residuos, que xa se permitían ata o momento, non hai nada novo, ademais de clarificacións. Pide a sra. Calvo que se deixe de enredar as cousas e lembra que é importante saber que este tipo de proxectos teñen que ter, para saír adiante, o encaixe urbanístico municipal, como acaba de expoñer, na ordenanza municipal.

Sinala que, de feito, estas modificacións son precisamente para blindar o principio de autonomía local, xusto o contrario do que di o sr. alcalde, e o sr. alcalde sábeo, e estase facendo un uso partidista, intentando utilizalo politicamente, pero a verdade só ten un camiño.

Di a sra. Calvo, tratándose de Toysal, que foron bastante proactivos, que puxeron sobre a mesa un montón de solucións, engadindo que a modificación actual non está pensada nin para Toysal nin para outra empresa, senón para clarificar a lei.

Salienta a sra. Calvo que outra cousa importantísima que non quere deixar pasar, con respecto ao texto da moción, é que, entre outras “lindezas” di do PP, textualmente, que *“traballa en apoio das empresas que teñen como obxectivo encher de merda o concello de Teo”*. A sra. Calvo recoméndalle ao sr. alcalde que coide máis a linguaxe administrativa e pídelle que lle diga con sinceridade se lle parece un texto acertado dun

representante público e dunha administración seria e que non se esqueza de que é un representante público. Considera a sra. Calvo que non é unha linguaxe digna dun alcalde nin admisible, engadindo que no debate pódese dicir algunha cousa que non sexa moi correcta, pero non no texto dunha moción.

Explica a sra. Calvo que outra cousa que lle molestou profundamente é o feito de que se atreva a dicir semellante barbaridade, que só traballan para as empresas, cando estiveron remando co goberno todo o tempo, pese a ter disparidade de opinións. Di que, de feito, calquera problemática que teña que ver coa veciñanza non teñen o voto condicionado a ninguén, nin ao partido nin a ninguén, simplemente ao benestar dos veciños, e así o teñen demostrado. Recentemente, di, votaron co equipo de goberno, autorizándoo a que estudara o contrato do lixo, polo que considera que o da moción non é aceptable en ningún caso.

Explica a sra. Calvo que tanto a veciñanza como o sr. alcalde recorreron en moitas ocasións a eles, e como non ten relación nin con asociacións, nin coa Xunta, nin coa Deputación nin con ninguén, teñen que facer eles de mediadores e, aínda que non lles importa, piden que o sr. alcalde non se esqueza que eles están no Concello para fiscalizar a xestión do equipo de goberno, aínda que traballen arreo, e o fan e bastante, aínda que non cobran por elo. A sra. Calvo di que non lle vai a permitir máis insinuacións dese tipo, que non lle parecen correctas nin xustas, xa que non todo vale en política.

Sinala a sra. Calvo que, con respecto ao que comentou a portavoz do BNG, o PP en solitario, efectivamente, e coa lexitimidade que lle outorgan os votos dos cidadáns, sacará adiante o máis beneficioso para todos, como é o que acaba de explicar neste caso.

O sr. alcalde di que a verdade é que non sabe se partirse a cabeza contra isto todo, porque o que acaba de dicir a sra. Calvo parécelle bastante terrible. Non sabe se son tan inocentes no partido popular de Teo que creen o primeiro que lles botan. Di que o

sinte moito por eles, que está convencido que lles están enganando totalmente, xa que se nega a crer que estean participando desta farsa.

O sr. alcalde sinala que dicir que se a lei di “o procedemento que hai que seguir coas ECCOM” e que iso é así e que se non se da o resquicio para poder saltarse iso vaise poder facer pola autonomía municipal é de locos. Considera que se el non ten un resquicio para facer o que lle posibilite a lei non o vai poder facer, e iso diranllo á sra. Calvo, así que “aleluia”.

A sra Calvo insiste en que di que o di a lei.

O sr. alcalde di que a lei o que di é o que o PP vai dicir que diga a lei do solo, e o que vai dicir a lei do solo é como van a poder participar as empresas, non como van poder participar, senón como teñen que participar. E para existir algo que non sexa así ten que haber unha cabida na lei e hai que dispoñer dun mecanismo. Considera o sr. alcalde que o facía moi ben, así que non entende por que retiraron o punto, porque ese punto 8 si que clarificaba, nunca mellor dito, que o concello podía subtraerse dese mecanismo a través das ECCOM. Ao retiralo, o concello ten que cumprir a lei, e a lei di os 7 puntos primeiros, non o 8.

Salienta o sr. alcalde que, con respecto á interpretación, nunca escoitou intervención máis longa para darlle tan fundamento a razón a el. Dicir que non varía nada, por meter privadas onde antes non poñía privadas, é terrible. Porque ademais existe unha experiencia clarísima, unha experiencia que non ten lugar a dúbidas. É dicir, cando se presentou a anterior proposta o técnico municipal, con un criterio fantástico e unha capacidade para facelo, recorreu á lei estatal que interpretaba que esas infraestruturas tiñas que ser de carácter público. E esa argumentación do Concello de Teo foi seguida por moitos outros, e estase utilizando noutros concellos para parar aberracións que teñen como obxectivo, e sinte dicilo, encher de merda. Considera o sr. alcalde que, comparado co que se vén encima, parécelle ata suave a linguaxe. Cando haxa no Concello a planta de bioresiduos, porque meteron esa cuña na lei, non sabe o que

haberá que facer, pero esa é a porta aberta para que Toysal instale esa planta. Trátase dunha porta aberta, ademais, de par en par, senón que sentido ten poñer o punto de privadas, engadindo que para clarificar non pode ser, pois estaba perfectamente clarificado. O que pasaba é que os concellos estaban utilizando a argumentación de Teo e estaban parando todos os intentos de establecemento de infraestruturas, ademais é lóxico, esas infraestruturas ou son públicas ou non son infraestruturas, son negocios privados. Non hai infraestruturas que non sexan un negocio privado, as infraestruturas son públicas, poden estar xestionadas privadamente, pode haber unha EDAR que pode xestionar unha empresa privada, pero a infraestrutura é pública e aquí estase falando dunha empresa privada, Toysal, que vai a poder establecer unha planta de bioresiduos porque agora a lei pon que esa infraestrutura pode ser privada. Opina o sr. alcalde que é claro e en botella. Aclara que cando di iso do PP non se refire aos concelleiros do grupo municipal persoalmente, é máis, compadéceos porque lles están enganando, e o problema de que que os enganen é que quen paga o engano son os veciños de Teo, e iso é así e non ten volta de folla, e senón xa lle dará a razón, o que pasa é que será tarde.

Con respecto ás emendas que presenta a sra. Castelao sinala o sr alcalde que as mocións non admiten emendas.

A sra. Secretaria aclara, e da lectura, ao que establecen tanto o ROF coma o ROM, ao referirse á emenda como *“a proposta de modificación dun ditame ou unha proposición”*, non sendo polo tanto posible no caso das mocións de urxencia.

O sr. alcalde di que, de todas formas, se remitirá a todos os grupos, aínda que non vaia incorporado no texto da moción.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da mesma.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que ten toda a razón o sr alcalde co argumentario. Di que é certo que o técnico municipal en agosto de 2018 colle o artigo 35.m e colle o artigo 13 da Lei do solo, lei básica, engadindo que iso é fundamental, que é unha lei básica e non de desenvolvemento. Co seu informe caeron varias plantas, ao Concello chamaron técnicos e alcaldes de varios concellos pedindo ese informe e presentábase e, debido ao artigo 9 do texto refundido, ese informe era negativo e caía. Era un dos poucos elementos de veto que tiña o concello con respecto a ese tipo de actividades ambientais de tipo industrial que quere meterse no rústico. Dende hai moito tempo na Xunta de Galicia o rústico xa non é o rústico como se entende de protección natural, o rústico é un elemento para facer negocio con el. Isto comezou no ano 2002, era a lei máis proteccionista do rústico, curioso, e a partir dese momento aquilo foi progresivamente un descontrol, e esta é unha nova volta de torca. Explica a sra. Lemus que o informe do técnico municipal foi ao Consello Consultivo para darlle maior seguridade xurídica, en novembro de 2018, e o Consello Consultivo asume a argumentación de que non se poden facer infraestruturas en base a ese artigo que se mencionaba, o 13, tan famoso, e que se refería a que “se non fora por interese público social, que contribúa a ordenación do medio rural”. Eses elementos, que son os básicos do texto refundido da lei do solo, son os que levan aquí ó técnico municipal a dicir que esa planta de biogás de tratamento de residuos privado non ten interese público, social, nin ordenación de desenvolvemento rural e non debe de emprazarse no medio rural. Di a sra. Lemus que iso é o básico e é fundamental.

Explica a sra. Lemus que a partir de aí cada Comunidade Autónoma tirou por unha cousa, engadindo que non coñece ningunha normativa autonómica que teña tan regulado o solo rústico como Galicia nos últimos anos. Sinala que o entende, porque é un negocio e, como dixo unha vez a directora xeral de urbanismo nunha reunión, “é que o 99% do solo en Galicia é rústico, non o podemos deixar sen utilizar”. Sinala a sra. Lemus que eles entendería que todo isto que xa se falou moitas veces tivera un plan sectorial de tratamento de residuos, entón existiría aí ese interese público social, pero non é así, non se vai facer un plan sectorial, porque se sabe que é moi probable que o tumbe alguén, porque si que é certo que nos tribunais un plan sectorial para darlle cabida a unha actividade empresarial ten que xustificarse moi ben. Non cree a

sra. Lemus que os compañeiros do grupo do PP se deixen enganar, e asume que cadaquen lee e se entera do que pode e senón pregunta, pero si que o das ECCOM é unha barbaridade, e que supriman ese apartadiño 8, que deixaba polo menos autonomía municipal, non o ve. Explica a sra. Lemus que as ECCOM levan moitos anos existindo e tentouse de todas as formas posibles que entraran nos concellos, ningún concello, que ela saiba, utilizou ningún informe delas nunca. Sinala que tamén é certo, aclarando que non é broma, que aos técnicos municipais estáselles educando para entrar nas ECCOM, porque saben que son os mellores para informar estas cousas. Vese o negocio onde está, nunha entidade de conformidade totalmente allea ó mundo administrativo que de repente ten máis valor que o que diga o técnico e a secretaria municipais.

Salienta a sra. Lemus que, ademais, acúrtanse os prazos, en vez de 3 meses 1 mes, e de repente ademais cómese un informe, e non hai posibilidade de escapatoria, non hai un silencio administrativo, pódese ata ter un expediente de reposición da legalidade posterior, pero é que ademais no mesmo momento en que se presente, dio a normativa, esta lei de acompañamento, no mesmo momento hai ademais efectos de entrada, que ata o momento o único que tiña en conta eran as comunicacións previas de actividade, agora todas as licenzas se se presentan por ECCOM ó día seguinte pódense empezar as obras. Ten máis preferencia, ata ese punto chega, unha licenza presentada por unha ECCOM, que unha persoa que quere cambiar as ventás dunha casa. Se alguén quere cambiar as ventás da casa fai unha comunicación previa onde presenta un orzamento, os técnicos dirían “non vai polo camiño de Santiago, non hai solo rústico de protección, etc....mantemento e conservación en todo caso” e iso en 15 días hábiles, e despois podería comezarse a obra, pero se ten certificado dunha ECCOM ao día seguinte xa pode. Considera a sra. Lemus que é curiosísimo, porque ela entendería que ese tipo de melloras ou ese tipo de problemas de que os concellos tardan moitísimo, ela entenderíao se se fixera para obras menores, pero non, non o fan para este tipo de obras, e para este tipo de actividades que veñen “de conformidade” é un vaciamiento total das competencias municipais.

Sinala a sra. Lemus que tamén entende o que di a concelleira do PP, que son maioría absoluta, que si, que é certo, pero iso non significa que dende os concellos non se poida dicir o que se quere, incluso dicir que se quere autonomía municipal, que é unha barbaridade, que vai causar inseguridade xurídica, enfrontarse a iso dende un concello é imposible. A partir do 1 de xaneiro, cando estea en vigor a lei, se vén unha licenza presentada co informe dunha ECCOM non hai nada que facer, e ao día seguinte pode exercer actividade, e pode facer uso de solo e subsolo, e pono así de claro. As ECCOM existen dende hai moitos anos, non se empregan en ningún sitio, ningunha CCAA, vén da normativa europea, pero aquí mira que lle dan voltas, porque cada ano cambian esa norma para meter ás ECCOM e esta xa foi o culmen dese baleirado de autonomía municipal.

Di a sra. Lemus que descoñece se as/os concelleiras/os do PP están enganados ou non, pero recoméndalles que falen cun técnico municipal, non co seu partido, co do Concello de Teo ou, se non confía nos do Concello de Teo, con algún outro que coñezan, pero é necesario que o falen. Lembra que “Os Rueda” son todos habilitados, así que que falen eses habilitados, porque a ela, aínda que sente dicilo, o que máis mágoa lle da de todo isto é que o 1 de xaneiro pérdese autonomía municipal. Reitera a sra. Lemus que ten que pedirlle ao grupo municipal do PP que se asesore con quen queira, que o sr alcalde dirá que están enganados e cada un ten o argumentario que ten, pero isto é o que é, unha liberalización absoluta do urbanismo, e o urbanismo lamentablemente é outro tipo de cousa, e non é isto, isto non é normativa urbanística, isto é sálvese quen poida.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen di que os ve moi preocupados por eles pero que estean tranquilos, que non hai ningún problema.

Da as grazas á sra Lemus pola explicación das ECCOM e sinala que ela tamén leva moitos anos na Administración e sabe perfectamente o que son. Di a sra. Calvo que non vai insistir máis, pois non hai peor cego que o que non quere ver, e que con esta modificación o que se pretende é estender ao solo do uso residencial o réxime de solicitudes de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de

conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal. Reitera a sra. Calvo que non é certo o que se está dicindo, xa que se respecta a autonomía local deixando que sexan os propios concellos os que decidan se aceptan o certificado da entidade ou solicitan un informe aos propios técnicos do concello, polo que aí está o resquicio. Remata a súa intervención a sra. Calvo anunciando a abstención do seu grupo, reiterando que a redacción da moción é lamentable.

O sr. alcalde di que, sendo tan claro o tema, se lle sacan as ganas ata de responder, porque cando as cousas son como son están escritas, non se trata de que o diga eles, senón que aí está, estase modificando a lei con esa redacción. Recoñece o sr. alcalde que a redacción da moción podería ser máis estilista, engadindo que, en todo caso, está claro que non estaba feita para ofender, dende logo non polo menos aos concelleiros do PP. Considera o sr. alcalde que é tan “heavy” o que se está aprobando polo PP no Parlamento que a verdade é que a fineza e a sensibilidade das cousas non vai nas palabras, e non é por dicir “mierda” ou non dicilo, senón que vai no que se fai e no que implican as cousas que se fan, e iso é realmente unha falta de respecto terrible a todos os cidadáns teenses, que se van ver abocados a ter aí a Toysal metido. Considera o sr. alcalde que iso si que é unha falta de respecto, e aínda que o de dicir “mierda” no papel tamén pode selo, non é nada comparable ó outro.

Remata o sr. alcalde sinalando que ten razón a sra. Calvo cando di que, polo que sexa, alguén non quere comprender, xa está, e ela atribúeo aos membros grupo de goberno e eles ao PP, aínda que por desgracia, van a ter razón eles.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:**

**1. Manifestar o absoluto desacordo e condena da Corporación municipal de Teo á modificación do artigos 35 e a incorporación do artigo 146bis na Lei do Solo de Galicia (Lei 2/2016) a través da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañan o proxecto de orzamentos de 2023.**



**2. Reclamar á Xunta de Galicia que articule os mecanismos legislativos que permitan o control e fiscalización previos polo funcionariado municipal nos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas.**

**3. Esixir da Xunta de Galicia que lexislativamente garanta que en solo rústico non se permitirán instalacións de xestión e tratamentos de residuos de iniciativa ou propiedade privada, xa que botan por terra todos os esforzos municipais e da cidadanía teense para evitar a instalación de plantas de residuos contaminantes no noso concello.**

**4. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e a presidencia do Partido Popular de Galicia.**

2.- Moción de Son de Teo, de 30 de novembro de 2022, manifestación o rexeitamento da Corporación municipal á actuación de usurpación de funcións da concelleira Dna. Mayte Argibay e solicitando a súa dimisión.

O sr. alcalde defende a urxencia sinalando que se distribuíu antes a moción para que o resto dos concelleiros viran o que para eles é dunha gravidade brutal e que se debe de parar canto antes e dende o maior órgano competente, que é o Pleno municipal, por iso presentan a moción por urxencia.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (4 Son de Teo, 6 PP e 3 PSdeG-PSOE) e dúas abstencións (2 BNG), acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción de Son de Teo de manifestación o rexeitamento da Corporación municipal á actuación de usurpación de funcións da concelleira Dna. Mayte Argibay e solicitando a súa dimisión.**

O sr. alcalde da conta da moción do seu grupo, de 30 de novembro de 2022, de manifestación o rexeitamento da Corporación municipal á actuación de usurpación de funcións da concelleira Dna. Mayte Argibay e solicitando a súa dimisión.

## **“MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL SONdeTEO**

**Manifestando o rexeitamento da Corporación municipal á actuación de usurpación de funcións da concelleira Dna. Mayte Argibay e solicitando a súa dimisión.**

A concelleira do PSdG-PSOE no Concello de Teo, Dna. Mayte Argibay Silva, cesada como concelleira de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal en outubro do ano 2021, presentouse o pasado venres 18 de novembro de 2022, pola tardiña, acompañada de outra persoa non identificada, na Escola da Casalonga (instalación do CRA de Teo). Na escola atopábase realizando o seu traballo de limpeza unha traballadora laboral do concello que foi requirida para que se lle facilitase o acceso á parte superior da escola, identificándose verbalmente Dna. Mayte Argibay como concelleira de Educación.

A traballadora, diante das dúbidas que causaba esta presentación, solicitoulle algunha forma de identificación, entregándolle a concelleira unha tarxeta de visita co logo do concello de Teo e de “Cultura de Teo2 que textualmente pon “Mayte Argibay Silva. Concelleira de Educación, Cultura, Administración e Relacións veciñais”.

Obviamente isto constitúe unha usurpación de funcións que, politicamente, implican unha serie de graves responsabilidades:

Primeira. A propia atribución de responsabilidades públicas que non lle corresponden, tipificada no artigo 402 do Código penal como “o que ilexítimamente exercera actos propios dunha autoridade ou funcionario público atribuíndose carácter oficial”, e que require para a súa concorrencia dun elemento subxectivo que ven representado pola intención de obrar suplantando ou falseando a realidade administrativa.

Segunda. Aínda máis grave, a de introducir nun espazo restrinxido ao ámbito educativo, pechado para a actividade académica por acordo da Concelleira de Educación competente a a Directora do CRA de Teo ata a completa finalización das obras (referímonos a parte superior da Escola da Casalonga), a unha persoa aínda non identificada, en principio sen vinculación coa administración municipal, sen autorización nin coñecemento das autoridades competentes.

Terceira. Comprometer a unha traballadora municipal, enganándoa, nas súas responsabilidades de apertura e custodia dun espazo municipal mentres desenvolve o seu traballo.

Consecuentemente, o Pleno Municipal do concello de Teo ACORDA:

1. **Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á actuación de usurpación de funcións da concelleira Dna. Mayte Argibay Silva**
2. **Condenar a actuación realizada por Dna. Mayte Argibay Silva introducindo nun ámbito educativo (pechado por obras) a unha persoa descoñecida sen autorización nin coñecemento das autoridades competentes (nin educativas nin municipais)**
3. **Solicitar, consecuentemente, a dimisión da concelleira Dna. Mayte Argibay pola gravidade dos feitos descritos.**

Teo, 30 de novembro de 2022 “

O sr. alcalde manifesta que lle resulta moi violento este tipo de mocións porque nos vinte anos que leva na corporación nunha viu un comportamento semellante. Sinala que non o entende en absoluto e que non vale todo en política. Di que pasou situacións difíciles, como a destitución da súa primeira tenente alcalde no ano 2015 que foi cesada e dimitiu por bastante menos que isto, por unha cuestión de deslealdade, pero que non supuña ningún acto de usurpación nin do que aquí se supón que se fixo.

Di o sr. alcalde que, como se explica na moción, a gravidade vén dada por esas causas, de non entender baixo ningún concepto que se asuma unha representación que xa non se ten, cando ademais unha concelleira ten todo o dereito do mundo a entrar onde queira, simplemente ten que solicitalo á Alcaldía, e esta autorízao. Nunca se lle denegou a ninguén o acceso a ningunha instalación municipal, nin en obras nin sen obras, pero hai que solicitalo, porque é o procedemento establecido e que garante o poder desenvolver unha oposición adecuada, sen que tampouco se entenda o de meter a unha traballadora municipal nesta complicada situación.

Reitera o sr. alcalde que se deben solicitar as instalacións, engadindo que xa sabe que o de solicitar non vai coa sra. Argibay e que, se alguén non entende por que romperon o goberno, igual isto lles empeza a dar algunha pista. Sinala que o de seguir os procedementos, o de respectar e admitir que existe unha estrutura municipal, unha xerarquía municipal e comentar, solicitar, pedir, non vai coa sra. Argibay. Pensa o sr.

alcalde que a sra. Argibay non mide ben e que fai algo que se extralimita totalmente e que ademais incorpora un delito establecido no código penal, porén non se lle ve sentido ir a unha vía xudicial para arranxar isto e pensan que é moito máis importante a responsabilidade política que leva, e de aí o que se expresa e solicita na moción, unha condena da actuación, xa que nin no tempo de Armando veu a ningún concelleiro actuar así. O sr. alcalde di que non visualiza a ningún outro compañeiro da Corporación, nin sequera aos do propio grupo da sra. Argibay, facendo o que ela fixo, non os visualiza e non pensa que sexan capaces de facelo.

A sra. Argibay pregunta se o sr alcalde está convencido de que iso é certo.

O sr. alcalde di que si, que está convencido de que o é, aclarando que, en todo caso, á hora de ordenar o debate, vaise alterar a orde das intervencións para que primeiro poida intervir o PSOE e dicir o que considere oportuno.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que o seu grupo recibe unha chamada do CRA de Teo e lle din que levan moito tempo intentando ter unha reunión coa concelleira de educación e que levan dous meses esperando polas obras da Casalonga, e que saben que se está usando a zona de arriba do CRA neste estado. A sra. Lemus amosa unhas fotografías e explica que son fotografías da zona que se estaba usando polos nenos, que non estaba pechada por obras. Sinala que non é unha cuestión de estética, como lle dixo a concelleira de educación á ANPA, senón unha instalación insalubre. Di que non ten palabras para definir que os nenos e nenas estean alí.

Explica a sra. Lemus que este tema ía falarse en rogos e preguntas, engadindo que unha muller que está no público é da ANPA do CRA de Teo.

A sra. Lemus di que hai un momento a sra. Argibay preguntoulle ao sr. alcalde se ten seguro todo isto, e hai un momento no que di que lle resulta moi violento. Sinala a sra. Lemus que non entende por que se ten que falar aquí de políticos que non están dende

hai anos, pois pensa que hai que ter un respecto á xente que leva anos sen estar en política, dimitiran polo que dimitiran, foi o que foi e xa está, e as razóns son diferentes.

A sra. Lemus di que o sr. alcalde pide unha dimisión e ademais cun argumentario de “*usurpación de funcións con graves responsabilidades e mencionando o artigo 402 do código penal*”, e opina que é moi grave facer un xuízo sumarísimo sen escoitar ás partes.

Sinala que vai pór un audio porque considera que é importante, que en todo caso quería que escoitaran. Explica que é a nai que subiu coa concelleira Argibay á parte de arriba do Cra de Teo e supón que non a chamarían, pois ninguén chamou á ANPA do Cra de Teo para preguntar que pasou nin nada. A continuación a sra. Lemus reproduce un audio co contido que se reproduce a continuación.

*“Son María, a mamá dunha nena de Casalonga, a que subeu con Mayte á parte de arriba. Simplemente quero dicir que Mayte en ningún momento se presentou como concelleira de Educación, iso é totalmente mentira, e a da limpeza tampouco lle esixiu que se identificara a Mayte en ningún momento, Mayte simplemente dixo que era Mayte, concelleira, simplemente, nada máis. Vale. Eu si son a mamá dunha nena en Casalonga, pertenzo á ANPA. O cal a ANPA estaba enterada de todo e o resto xa o sabedes”.*

A sra. Lemus sinala que isto é o que hai. Salienta que, dende que lle presentaron esta moción, estivo pensando exactamente se contestar a este tipo de mocións inxuriosas que van máis alá de consideracións de ningún tipo político e se meten nun fregado porque consideran que aos Plenos pode vir calquera tipo de inxurias persoais, ademais é que non é unha consideración política, non é un tema dunha tirolina na que se analiza se está ben ou mal colocada, senón que se está falando dun delito do código penal. Entende a sra. Lemus que se o goberno considera que é un delito, deben ir directamente á fiscalía, canto antes mellor, e a sra. Argibay será defendida con todos os dereitos. Pregúntase se de verdade teñen que chegar ata este punto de degradación da política, de poñer un artigo do código de penal, con usurpación de

funcións. Insiste en que se o sr. alcalde considera iso que vaia ó xulgado. Considera que non se pode presentar unha moción de urxencia dun grupo municipal onde poñen unha sarta de barbaridades penais sobre ningunha persoa, nin sobre a sra Argibay nin sobre ninguén, nin sobre un veciños. Insiste en que isto é unha barbaridade, e que escapa de toda a súa capacidade como política que se empregue un argumentario absurdo para ocultar o que se desprende das fotografías amosadas anteriormente. Explica que se o grupo de goberno quería ocultar isto, que fagan o que lles dea a gana, e se din que a sra. Argibay non entrou co permiso, pois que digan o que queiran, que fagan o que queiran, que falen coa ANPA, con quen lles dea a gana, pero non se pode poñer o código penal.

Entende a sra. Lemus que esteticamente non queda ben, pero isto non é estética, é ética, e ademais é unha cuestión persoal. Di que o sr. alcalde está facendo unha cuestión persoal de moitas cousas dende hai un ano e pico, e entende as súas razóns ou o que sexa de por que os botou, xa que non é o seu problema, pero é que se está falando de persoas con nomes e apelidos, e dicir este tipo de barbaridades dunha persoa, cando no Concello se viviron demandas penais e aínda hai quen está imputado, o cal non é nada agradable, por moito que se sexa concelleira. Considera a sra. Lemus que dicir este tipo de barbaridades nunha moción política, polas circunstancias que sexan, é inasumible, incomprendible, que de verdade se lle escapa calquera mecanismo político que poida empregar. Reitera a sra. Lemus a súa petición de que se vaia ao xulgado mañá.

Considera a sra. Lemus que isto xa acaba de pasar dun tema político a un tema persoal, como cando Toysal a ela lle pon unha demanda, non é un tema político é un tema persoal, con nome e apelidos, DNI e todas esas cousas, polo que é unha barbaridade.

Explica a sra. Lemus que, politicamente, poden dicir do grupo do PSOE o que queiran, e entende que para grupo de goberno son uns cafres, e que por iso os botaron, pero non se pode empregar o código penal, non deben facer este tipo de cousas entre políticos, porque se degrada a vida política do Concello de Teo. Pide a sra. Lemus un

pouco de seriedade. Entende que ademais o presentaron o 18 de novembro, non preguntaron á ANPA, non chamaron á sra Argibay, preguntaron á limpadora, que non dubida do que considerou e do que tiña que considerar, pero o sr. alcalde fixo xa o xuízo, hai xuízo directo e hai unha sentenza, e todo isto é un escándalo. Reitera a sra. Lemus que, se teñen probas, que vaian ao xulgado. Sinala que ela puxo o audio da persoa que foi coa sra. Argibay, e o grupo municipal terá as probas que lle dea a gana, engadindo que a ela parécelle unha barbaridade e un atraco para o resto das forzas políticas, que se atopan con isto e se preguntaron que foi o que pasou.

A sra. Lemus pregúntalle ao sr. alcalde se non pensa como alcalde que se tivera algunha proba real non sería motivo de xunta de portavoces e de falalo antes de dicir que Mayte Argibay ten incumplido responsabilidades públicas polo artigo 402 do C. P.

O sr. alcalde pregúntalle á sra. Argibay se empregou unha tarxeta e a sra. Lemus reitera que se teñen probas que vaian ao xulgado.

A sra. Lemus pregúntalle ao sr. alcalde se sabe en que consiste ese delito que se recolle na moción, respostando o sr. alcalde que si que o sabe e que por iso o fixo constar.

A sra. Lemus di que a xurisprudencia sinala que teñen que ser “actos” en plural, aclarando que a sra. Argibay en ningún momento dixo que fora concelleira de educación, senón que entregou unha tarxeta por se tiñan algún problema para que a chamaran.

O sr. alcalde volve a preguntar á sra. Argibay se entregou a tarxeta, sen que esta, a petición da sra. Lemus, conteste.

O sr. alcalde di que a traballadora en cuestión o fixo constar, diante da secretaria, dicindo que a sra. Argibay lle entregara unha tarxeta, dicindo que era concelleira de educación. Aclara o sr. alcalde que non se está tratando o do estado da escola, que

cando o grupo do PSOE queira falar dese tema que presente unha moción e falarán do tema. Agora estase falando dunha persoa que actúa usurpando unhas funcións que non lle corresponden, que ademais recoñece que entrou sen autorización nunha instalación municipal, o cal está recoñecido, que ademais introduciu a unha persoa de fóra do ámbito educativo.

A sra. Argibay amosa unhas fotografías que di son da escola e di que entrou para iso.

O sr. alcalde di que lle da igual, que agora se está a falar de que a sra. Argibay entrou nun sitio sen autorización e ademais metendo a unha persoa en algo que estaba en obras e que estaba pechado de acordo coa directora do Cra e a concelleira de educación.

O sr. alcalde di que só quere aclarar que o espazo de arriba estaba pechado por orde expresa da Concelleira de Educación de acordo coa directora do CRA. Se alguén subiu a alguén a algún neno a ese espazo será responsabilidade desa persoa e haberá que pedirlle responsabilidades a esa persoa. Reitera que estaba pechado por orden da concelleira, e hai constancia de que a directora do CRA llo trasladou ao profesorado da escola. Sinala que iso é así e que se trata dun dato fidedigno, e estase dicindo que alguén entrou, alguén subiu cunha persoa de fóra a un espazo que estaba pechado por obras, e iso, cando menos, recoñécese.

A sra. Lemus di que todo lle parece tan degradante que quere pedir desculpas, aínda que o sr. alcalde non o vai facer, pero ela si. Sinala que o grupo de goberno irá ao xulgado, coas súas cousas, e ela irá coa sra. Argibay. Di que sinte moitísimo o espectáculo, engadindo que o sr. alcalde decidiu facer isto e el saberá.

Intervén a portavoz do BNG, sra. Castelao, e di que dende o seu grupo non entenden a política deste xeito. Di que queda clara a falta de empatía polos dous lados. Pensa que non se debe de chegar aquí cunha moción deste tipo, xa que se pode dialogar un



pouco. Remata a sra. Castelao a súa intervención afirmando que isto parécelle patético.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen di que está un pouco descolocada, pero que hai varios temas. Sinala que ten razón o sr. alcalde cando di de que sempre se permite o acceso “con lealdade institucional”, polo tanto non habería por que facer este tipo de actuacións. Sinala que se trata da palabra duns contra a palabra doutros, a sra. Lemus acaba de poñer o audio dunha nai, e o sr. alcalde acaba de mencionar unha traballadora da limpeza implicadas. Considera que loxicamente o que é innegable é que, se isto sucedeu tal e como se describen os feitos na moción, é unha cousa tipificada no código penal. Aclara a sra. Calvo que descoñecen o que aconteceu e que están escoitando o que o resto expuxo e a moción que presentou o grupo municipal de SondeTeo.

Salienta a sra. Calvo que dende o seu grupo están sempre do lado do cumprimento da lei, porque é a súa filosofía, e tamén pola lealdade institucional. Reitera que hai que entender que non teñen información do que realmente sucedeu. Dirixíndose á sra Argibay, di que non cree que sexan as formas, engadindo que non a está culpabilizando de nada, senón que se trata dunha apreciación, que se poden facer as cousas ben. Di a sra. Calvo que non saben moi ben que facer, porque realmente se é como se describe na moción é gravísimo, e hai que cortar estas actuacións o antes posible. Sinala que, aínda que estea mal que subira, iso é innegable, son temas distintos, e que ela non sabe se a sra. Argibay se presentou como concelleira de educación, facendo unha suplantación.

A sra. Calvo reitera que non teñen información para xulgar, non hai por que dubidar nin da palabra da señora da limpeza, que non saben nin quen é nin tampouco queren sabelo, nin tampouco se vai inventar unha historia así, nin tampouco esa nai que puxo a sra. Lemus no audio.

Considera a sra. Calvo que, de ser como se describiu, é grave, e se se subiu sen permiso tamén é unha deslealdade. Di a sra. Calvo que todos son representantes de distintos partidos políticos, pero hai que intentar chegar a acordos, pois isto é política, e tampouco hai que desvirtuar as cousas.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. Álvarez, e di que habendo un procedemento para solicitar o acceso e existindo unha problemática, que pode entender que a haxa e se ve nas fotos, non entende por que non se solicitou o permiso, ou como chegaron as fotos a ela doutra maneira, se os nenos subiron, ou o que fora. Entende que agora hai unha problemática, cree que efectivamente se podía tratar o tema como políticos e persoas que representan á cidadanía de Teo ante unha problemática como pode ser o da Casalonga que xa vén de antes.

Aclara a sra. López que ao mellor non está toda a información, que efectivamente ela cree que aquí hai dúas cuestións, unha que é o tema da Casalonga onde se produciu un feito moi grave, que son as fotos que agora a sra. Argibay ensina e ela aí está totalmente de acordo coa sra Argibay, e outro que foi o feito do que se fixo para conseguir esas fotos. Reitera a sra. López que hai un procedemento moi sinxelo parra acceder ás escolas do CRA e a sra. Argibay ten todo o dereito do mundo de ir a ver o CRA, pero non precisaba facelo dese xeito, pero o feito é que o fixo. O feito é que accedeu ás fotografías de noite, e iso pódese ver porque a ela tamén lle chegaron as fotografías, e unha das preguntas que lle facían era que por que é de noite. Sinala que as fotografías son de noite porque a sra. Argibay accede de noite, sobre as sete da tarde, engadindo que non vai a entrar a valorar quen minte máis.

Di a sra. López que, baixo o seu punto de vista, a sra. Argibay recoñece saltarse un procedemento, tratándose ademais dun tema moi delicado ao meter xente de fóra nos centros educativos, aclarando que isto, coas cousas que pasan, xa o di incluso como profesora.

Pensa a sra. Álvarez que cumprir os procedementos sempre garante a todos, a ela como concelleira de educación, á persoa que acompaña á sra Argibay, que tamén queda protexida, pois hai un pequeno rexistro, e habería que preguntarse por que se o procedemento vale algunhas veces a ela non lle valeu nesta ocasión. Reitera a sra. López que ese é un tema, como a sra Argibay accede á Casalonga, e é un tema que está sen resolver, que a sra Argibay recoñece aquí que entrou, as fotos están de noite, e non pediu permiso. Afirma a sra. Álvarez que iso está claro, porque non hai rexistro no Concello dese permiso.

Sinala a sra. Álvarez que logo está o tema das obras de Casalonga, no que lle da totalmente a razón á sra. Argibay. Pregunta se é tan grave, porque ela non se entera tan rápido coma a sra Argibay, pois enterouse ese venres que os nenos subían, pregunta se ese mesmo día a sra Argibay chama á directora do CRA, ou se chama á concelleira de educación. Se é realmente grave, pregúntase, por que se espera a traer unhas fotos impresas a un Pleno, cando tiña que telo comunicado porque había que dar parte á Consellería.

A sra. López di que ela vai dialogar todo pero non acepta mentiras, xa que iso é unha liña vermella. Sinala que a sra Argibay está moi acostumada, pero ela non, porque se a sra. Argibay pon WhatsApp ela tamén os pode poñer pero non vai entrar nese xogo. Sinala que sabe perfectamente que esa zona de arriba estaba clausurada non por ela, senón polas persoas que fixeron a obra, e pregunta se á mamá lle dixo ela que podía subir, se é que esa mamá di iso.

Con respecto á pregunta de por que non hai unha limpeza de fin de obra, a sra. Álvarez di que non a hai porque a obra non está rematada, aclarando que non foi mirar a obra pola mesma razón, engadindo que fala diariamente coa dirección do CRA.

A sra. López explica que isto se pode dilatar, que xa se reuniu coa AMPA e xa lles contou como foi a situación, que a obra non se rematou nin se vai rematar mañá nin pasado, porque son obras de subir a calefacción, acabar de pintar, etc., pero incluso

aínda que estea acabada tampouco lle corresponde a ela como concelleira, que non se vai atribuíndo cuestións que non lle corresponden, dicir se está ou non. Terá que ser a persoa que fixo o proxecto de rehabilitación, terá que ser o construtor que diga que acabou e terá que ser en última instancia a Consellería de educación que diga “agora si que suban os nenos”. Entón, se a sra. Argibay ten constancia de que estaban subindo os nenos, o cal é grave, se quere construír concello, llo tería que ter comunicado, pero se o que quere é vir aquí a dicir o mal que o fai a concelleira, que saque fotos.

O sr. alcalde di que hai dous feitos claros, e incontestables, un, éntrase nesa escola sen autorización, ademais acompañando a unha persoa de fóra do ámbito municipal, coas obras nun estado que pode dar lugar a que pase calquera cousa, e entrégase unha tarxeta á traballadora municipal na que se identifica Mayte Argibay, Concelleira de Educación, Cultura, etc... eses son 2 feitos incuestionables, para el dunha gravidade brutal.

Salienta o sr. alcalde que ese é a orixe da moción, de pedir a responsabilidade política, e logo a responsabilidade penal será unha valoración que haxa que facer se se quere que dentro de tres ou catro anos se resolva ese procedemento xudicial. Sinala o sr. alcalde que a el non lle parece necesario ir ao Xulgado. Considera que hai responsabilidades políticas moi importantes, máis importantes que cando a sra. Lemus pediu a dimisión de Salomé, xa que a pediu por algo moito menos grave do que pasou coa sra. Argibay.

Considera o sr. alcalde que se pode valorar todo o que se queira, pero hai dous feitos que son obxectivos e incuestionables, entrouse sen permiso ademais acompañando a unha persoa de fóra a un espazo que estaba pechado por obras, e presentouse e entregóuselle á traballadora unha tarxeta identificando a Mayte como concelleira de educación. Reitera o sr. alcalde que para el é dunha gravidade brutal e reafírmase en sometela a Pleno, porque máis alá doutras consideracións hai unha responsabilidade política enorme, como el non se viu nos últimos vinte anos. Sinala o sr. alcalde que non ve a ningún outro membro da Corporación facendo iso, por iso evidentemente claro que

é unha cuestión persoal porque a realiza unha persoa, por iso se pide esa responsabilidade política.

**Remata o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación con catro votos a favor (4 Son de Teo), tres en contra (3 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (6 PP e 2 BNG), acorda:**

- 1.- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á actuación de usurpación de funcións da concelleira Dna. Mayte Argibay Silva**
- 2.- Condenar a actuación realizada por Dna. Mayte Argibay Silva introducindo nun ámbito educativo (pechado por obras) a unha persoa descoñecida sen autorización nin coñecemento das autoridades competentes (nin educativas nin municipais)**
- 3.- Solicitar, consecuentemente, a dimisión da concelleira Dna. Mayte Argibay pola gravidade dos feitos descritos.**

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Castelao di que ten que mencionar o do paso de peóns que pediron en Balcaide, onde remata o camiño portugués.

Nestre intre abandonan o Salón de Plenos as/o concelleiras/os do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O sr. Igrexas responde que non se fixo o paso de peóns, senón un lombo redutor.

A sra. Castelao di que o que se pedía no Pleno e o que pedían os veciños era un paso de peóns porque si que é certo que pasan moitos peregrinos por aí e trátase dunha zona perigosa.

O sr. Igrexas di que se se pon o lombo redutor dalgún xeito estase reducindo.

A sra. Castelao di que ela o entende pero que se se vén dende Balcaide para Raíces e os peregrinos veñen por un lado e o lombo está noutro lado, entón non ve como se reduce a velocidade.

O sr. Igrexas di que se pode pintar o paso de peóns, pero que o paso aí non o ve.

A sra. Castelao di que ela non é técnica pero é certo que hai un camiño empedrado e si que nalgunhas zonas estase facendo un paso elevado empedrado, xeitoso, con cariño, nesa zona, que pasan os peregrinos, e eles pedían iso.

2.- A sra. Castelao comunica que nesa zona antes había un banquiño posto por un propietario, e si que é certo que ten pateado moito por alí e si que é hai moita xente que se senta alí a comer o bocata. Piden se se pode poñer un banco.

O sra Igrexas di que alí non hai terreo público e tería que pedirse permiso a Patrimonio.

3.- A sra. Castelao di que, baixando cara o Castañal, puxéronse lombas e os veciños dinlle que parece como que sobrou un pouco de piche e se puxo alí, que realmente non está facendo a función, que quizais teña que ser un pouquiño máis elevado.

O sr. Igrexas explica hai protestas noutros lados polo alto, porque destrozan os coches, entón alí o que se fixo foi deixarlle 2 cms porque quen o van sufrir son eles, porque esa vía está previsto que se limite só a residentes. Non entende o sr. Igrexas cal é o problema. Sinala que falou María José con el e que lle pareceu ben.

4.- A sra Castelao di que no Aido, entre a casa 40 e a 47, están a escuras.

O sr. alcalde pregunta se é porque se fundiu ou porque non hai farolas, respostando a sra. Castelao que non hai luz.

O sr alcalde di que é moito mellor que neses casos chamen ao concello, porque así lle pasan aviso ao electricista, porque traelo ó Pleno non é operativo.

A sra. Castelao di que entón algo está fallando e preguntalle ó sr alcalde se quere que non escoite a veciñanza.

O sr. alcalde di que o que lle ten que dicir é “non mo digas a min, dillo á telefonista do concello para que cho solucione”. Di que senón, pode ocorrer que a señora bote 15 días sen luz ata que se traia ao Pleno, podendo tela ao día seguinte.

A sra. Castelao di que ao mellor xa o fixeron, por iso recorren a ela para que o diga.

O sr. alcalde di que hai un grupo que ten a telefonista, onde cada incidencia que ven vaise transmitindo e vaise poñendo cando está solucionando. Por eficacia, sobre todo, para non ter a xente aí parada. É dicir, se falta unha farola, se non a hai ou hai unha persistencia, ou reiteradamente pasa, si que ten sentido que veñamos co tema ao Pleno, pero se é por unha luz fundida é moito máis eficaz que o avisen directamente, sobre todo cuestións de farolas, de luminarias que se funden.

5.- Sinala a sra. Castelao que no anterior Pleno falouse xa da zona de Mouromorto, non sabe por que aínda seguen os postes das luminarias alí.

O sr. alcalde di que é porque a empresa ten que ser a que faga a condución por baixo. Avisóuselles que os moveran de alí para outro sitio, e van a movelos, pero supón que aínda non virían.

6.- A sra. Castelao pregunta pola zona do Vilar, na parroquia de Teo, onde lle comentan que xa viñeron varias veces ao Concello durante moito tempo e varios anos porque hai un tendido eléctrico de alumeadado público que vai por riba da súa casa. Sinala que é a casa número 52. Descoñece se se pode facer algo ao respecto pero si que é certo que é xusto onde iría o canalón, non é que atravesese a casa pero si que é certo que o ten por riba e non o queren.

O sr. alcalde pregunta se é municipal, respostando a sra Castelao que é publico.

O sr alcalde di que se mirará.

7.- A sra. Castelao sinala que, na zona de Campos, na parroquia de Teo, subindo para a casa número 51, a pista ten pedras e está moi mal.

8.- A sra. Castelao di que non sabe se terá que chamar mañá para dicir que alí hai unha farola chea de maleza.

O sr. Igrexas di que esa farola é coñecida, pero non é unha cuestión da farola, senón de que os veciños deixan que a glicinia medre, entón tapa a farola. Se lles avisa todos os anos e córtana, pero hai que iralles avisando.

A sra. Castelao di que ademais está provocando tupidos nas cunetas.

O sr. Igrexas di que o problema é que os veciños non son conscientes de que o que sae para fóra é deles.

9.- A sra. Castelao lembra o da pista da que falaba o outro día, da de Bustelo, que pon P3, que está moi mal.

10.- A sra. Castelao refírese ao cruceiro de Francos. Explica que os postos do San Martiño teñen que estar a 20 metros non porque lle dea a gana aos do BNG, senón porque así o di a lei de Patrimonio. Pensa que hai que ser conscientes do que ten o Concello e de que tamén na feira do San Martiño moita xente da que vai non sabe nin que existe alí o cruceiro, porque nin o ve. Sinala que se dende o Concello non se respecta iso, non se lle da ese valor, non llo van dar o resto dos veciños, se fan algún acto, se fan algo, é imposible que o protexan cando o propio Concello non o está facendo. Gustaríalle que se tomara man no asunto se aínda non se fixo.

A sra. López di que é certo, que a ordenanza que regula os postos do San Martiño da prioridade por uso tradicional, e aí diante sempre houbo uns postos. Este ano de palabra, é certo, díxoselles porque non se quería xerar unha situación violenta alí o día da feira, e por momentos houbo caixas alí acumuladas, iso foi unha evidencia. O que



hai que facer é cambiar a normativa. Di a sra. Álvarez que de todas formas, aínda que é certo, o dos vinte metros alí o ve moi complicado.

A sra. Castelao di que non o di ela, e que non é por mal, pero xa dende os anos 90 están os postes que xa delimitan.

A sra. López di que si, pero que están a metro e medio. Marcar un radio para a feira que sexa compatible cos postos e coa conservación do patrimonio é evidente e urxente e vaise tratar se facer.

11.- A sra. Castelao pregunta polos carteis que están postos na zona dos Tilos polas árbores. Supón que haberá un estudo para liquidar os liquidámbar. Só quere saber se hai un estudo para iso. Di que xa preguntou noutros Plenos por que estaban esas árbores pequenas, que xa lle comentaran que era para substituír ós outros. Di que é certo que hai xente veterana da zona que comenta que dende os anos 90 hai liquidámbar, aínda que non serán os mesmos. Explica que a ela si lle chegou certo malestar, sobre todo agora que están bonitos, con ese colorido, e tampouco é que se vexan tan mal.

O sr. Igrexas explica que hai un estudo do 2015 que indica que teñen un alto risco e recomenda sacalos a medio prazo. O sr. Igrexas di que agora chega un momento no que as árbores de substitución precisan espazo e hai un novo informe que a semana que vén o pode enviar, que se encargou, e no cal a conclusión é que hai que sacalos, por varias análises e demais. Unha vez que un técnico certifica ese risco non hai máis remedio que talalos aínda que se encadee alí medio Tilos, basicamente porque a responsabilidade é do Concello e coa seguridade non se pode facer unha votación, porque se hai un risco hai un risco. Recomenda que vaian ver un liquidámbar que hai en Luou, xusto na que foi a casa da súa tía, no cruce cara Mouromorto, que é un liquidámbar que rompeu, e que se fixen como rompeu. Rompe coma unha tiza. Evidentemente non teñen ganas de cortalos, e a el non lle apetece especialmente cortar árbores, non lle apetece pagar a factura do que costa cortar unha árbore, pero hai cuestións que van máis alá de calquera cuestión desa.

O sr. alcalde di que se fixo un estudo a catro anos que di que hai que substituílos, prepáranse dende hai 4 anos e agora o informe di que hai que cortalos, entón hai que facelo.

A sra. Castelao di que máis de un comentoulle que lle daba mágoa e só o quería comentar por iso.

O sr. Igrexas di que máis dunha persoa chamou e estáselle contestando. Di que pode que á xente lle dea pena, porén hai un informe técnico, asinado por un técnico competente dunha empresa competente.

A sra. Castelao solicita o informe.

O sr. igrejas di que llo pasará mañá, que o informe orixinal do 2015 non o ten agora mesmo no seu poder, porque llo deron a outro concelleiro, pero hai constancia diso. Pide o sr. Igrexas que tamén que se fixen nos Tilos na árbore que está no parque nos nenos que ten uns lazos de seguridade. Fíxose esa actuación a partir dese estudo, puxéronse eses lazos para ver que se a árbore os tensa é que hai que cortar ramas. Hai varias cousas alí no parque que se non se fixa un non se ven, pero houbo unha actuación global que se fixo hai 4 ou 5 anos en materia de seguridade nas árbores dos Tilos. Sinala o sr. Igrexa que chega un momento en que non sabe se lle van de aquí ou de alí, porque un día porque o corta e outro día porque non o corta, entón chega un momento que é esgotador.

12.- A sra Castelao pregunta pola zona de Pontevea. Di que en fronte ao bar Senra hai unha beirarrúa que está practicamente comida pola maleza e está toda invadida.

13.- A sra. Castelao di que, o mesmo sitio, na ponte, onde está o río Santa Lucía, se se baixa por alí hai un verquido, e non son dos verquidos polos que xa se metera a moción para que se miraran. Pensa que debe de ser de pluviais, van para alí e está indo trapallada para o río. Sinala que está bastante sucio e cheira mal.

O sr. Igrexas di que esa estrada é autonómica e as rozas as fan eles.

14.- Di a sra. Castelao que outro tema, do que xa falou varias veces no Pleno, é o dos postes das farolas que hai cara á Burga, que polo que ten escoitado roubaron o cableado. O tema é que non hai farolas, están os postes e alí non se ve. Pregunta se non se vai poñer nada máis.

O sr. alcalde di que é unha decisión difícil, porque se se pon o cable pode acontecer o mesmo.

A sra. Castelao pregunta pola posibilidade de por outro tipo de alumeado, ou algo.

O sr. alcalde di que con outro tipo de alumeado xa se intentara, que non é o primeiro intento, por exemplo con paneis solares, pero é unha zona tan densa de vexetación cubríndoa que non funcionan. Reitera que é unha situación difícil, que igual se intenta poñelo outra vez, con algunha medida maior de seguridade, pero non hai medidas infalibles.

15.- A sra. Castelao pregunta pola zona de Solláns, indo para Vilar de Calo, ao pasar a casa de Tucho.

O sr. Igrexas di que xa sabe de que vai falar, e que foron hoxe arranxalo.

A sra. Castelao di que xusto foi onte por alí.

A sra. Diéguez di que lle acaban de mandar unha mensaxe dicíndolle que o Concello tapou o bache fronte a panadería, pero non o que había en fronte da casa de Tucho.

O sr. Igrexas di que son dúas cousas distintas, que o que se estaba tapando era ese de máis adiante porque basicamente estaba directamente no carril de circulación. O outro está na liña, entón esa estrada vaise a bachear, está pendente unha obra de asfaltado en Vilar de Calo, que é a medias con Augas, unha pista que se mete que está totalmente desfeita, e púxoselle recollida de augas e vaise asfaltar e no momento en que se faga encargoulle que repasaran os baches desa estrada. O que se fixo hoxe foi unha medida de urxencia porque o que fai o departamento de obras é basicamente tapalo para que non meta ninguén a roda pero ata que veña logo o asfaltado non vai quedar resolto.

16.- A sra. Castelao di que en Augas Mansas está un pouco parecido, indo cara ao Sisto. Aí tápase e volve a saír pero agora está bastante mal. Hoxe pasáronlle unhas fotos da zona e entre o lugar de Sisto a casa 44 a 50 está bastante mal.

O sr. Igrexas di que aí está pendente de executarse unha obra dun POS, engadindo que pensa que é a terceira vez que se tapa e non vale de moito. Explica que nas próximas semanas ou meses tense que reparar toda a vía.

A sra. Castelao di que é certo, pero que se ven que se tarda pois que se intente tapalo, que está bastante mal.

17.- A sra. Castelao sinala que, en Augas Mansas, onde están os contedores, hai unha sinal caída, de paso de peóns, xusto diante do paso de peóns.

18.- A sra. Castelao di que os veciños e veciñas de Vilariño solicitáronlle que pedira se é posible que limpen o pilón, o que está no campo da festa, e se sanee un pouquiño.

19.- Sinala a sra. Castelao que, no mesmo lugar, á altura da casa 48, hai unha curva onde se mete como se fora para Cerdeira, e hai unha sinal, nesa curva que se cerra un pouco piden un badén, e quere pedir dous máis, un é onde estaba a antiga escola de Vilariño, na casa común, e outro despois, máis ou menos sobre a altura da marquesiña.

20.- Sinala a sra. Castelao que tamén en Vilariño lles comentaron que debe de estar o alcantarillado tupido porque cando chove moito a auga non vai por ese alcantarillado, parece que bota para fóra polo pavimento. Solicita que se mire.

O sr. alcalde di que así e todo a petición dos lombos hai que valoralas máis. Porque sempre hai persoas que queren lombos e persoas que non os queren.

O sr. Igrexas di que normalmente a xente diante da súa casa quere un lombo e logo noutros sitios non, que esa é a explicación básica, pero que é certo que nalgúns sitios hai que poñelos.

21.- A sra. Castelao pregunta se indo dende a casa Común de Vilariño para o río Santa Lucía, o que queda á esquerda, se é masa común.

A sra. López di que ten fácil solución de saber porque as masas comúns agora mesmo están todas marcadas. Hai un mapa co GIS con todo marcado, así e todo case as ten todas na cabeza e diría que esa non é, pero confirmarallo mañá.

A sra. Castelao di que está pendente, porque se é así era ben que quitaran as xestas todas porque non se ve nada. Di que se mete na curva, que é moi cerrada, e o que lle comentan os veciños é que van a cegas, e que ela mesma o comprobou porque estivo onte aí. Solicitan que se se pode que se desbroce, senón terían que poñer un espello.

O sr alcalde di que de calquera xeito se é maleza ou cuneta haberá que desbrozar.

O sr alcalde avisa neste intre, para que se teña en conta, que por unidade de acto ás 00.00 hai que finalizar o Pleno e faltan cinco minutos.

22.- A sra. Castelao di que vai a facer unha última pregunta. Pregunta se é verdade que xa se reuniron co PP para falar do do lixo. Di que no Pleno o sr. alcalde dixo que ao mellor facía unha comisión, e non se fixo.

O sr. alcalde di que a comisión non se fixo, que o único que se comentou co PP foi aquelas cuestións que propuxeron, que eran previas, porque o que non querían era ir a unha comisión formal con todos a debater sen antes ver se as modificacións que fixeran ou que eles propuxeron valían ou non valían. Explica o sr. alcalde que iso si que se tratou con eles e na semana que vén, ou na seguinte, tan pronto se poida, haberá que facer a convocatoria da comisión para debater todo o tema.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Guerra di que se quedara en poñer un espello en Lamas e non se fixo.

2.- O sr. Guerra di que as sendas de Vaamonde, o proxecto estrela, de quen fora, porque non quere dicir nomes, están caendo xa. Aínda non recolleron os trastos e xa caeron en dous sitios coa enxurrada. A empresa foi e recortou como 2 metros lineais por 1 de ancho para vir a repoñerlle o formigón, supostamente, e están abertas, non tiveron a decencia de poñerlle unha sinalización.

3.- Sinala o sr. Guerra que os de Sebe, en Cacheiras, como xa se dixo unha vez, din que hai unha masa común alí que hai moito rapaces, que a ver se se pode facer un pequeno parque, porque hai un máis próximo e seica está onda a farmacia, sen cancela.

4.- Di o sr. Guerra que tamén lle dixo unha señora que se meteu a auga no cemiterio de Oza e que quedou alí un cacho sen asfalto na canalización.

5.- Di o sr. Guerra que o camiño de Caxade parece que se limpou pero fixeron un carreiro, e o camiño seica ten dous metros de ancho.

A sra. López di que o traballo non está acabado, que pasaron a cortar árbores e agora vai a desbrozadora e a rozadora, que aínda non foi por alí miralo porque non está acabado. Aclara que, en todo caso, o camiño igual non queda para tractor.

6.- Pregunta o sr. Guerra se é posible arranxar a estrada que enlaza coa que vai a Agromaior, que xa o dixo máis veces.

7.- Di o sr. Guerra que en Procelas 32 pediron uns tubos de media caña porque cando veu toda esta enxurrada monta por riba da cuneta e vaille para a cociña do veciño porque ten a casa máis baixa.

8.- Di o sr. Guerra que a pista que vai das Laxes a Guldrís tamén está nun estado deplorable.

9.- Di o sr. Guerra que lle din os veciños se se poden meter tres puntos de luz no Secal, na última casa que hai de Lucí enlazando con Cachóns, porque non hai ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e oito minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz